

CEIP Ana María Diéguez

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Curso 2023/2024

ÍNDICE

Aspectos xerais.

- Datos do centro.
- Obxectivos para o curso 2023-2024 e medidas a desenvolver para a súa consecución.
 - Recursos para a consecución dos obxectivos.
 - Recursos humanos.
 - Recursos materiais.
 - Libros de texto.
 - Recursos organizativos.
 - Institucións colaboradoras.

Aspectos organizativos.

- Alumnado e número de unidades.
- Órganos de goberno e representación.
 - Órganos unipersoais.
 - Director.
 - Xefe de Estudos.
 - Secretario.
 - Horario de atención ao público por parte do equipo directivo.
- Órganos colexiados.
 - Consello Escolar.
 - Claustro docente.
- Órganos de coordinación docente.
 - Comisión de coordinación pedagóxica.
 - Departamento de orientación.
 - Equipo de dinamización da lingua galega.
 - Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
 - Equipo de biblioteca.
 - Equipo de dinamización das TIC.
 - Comisión de igualdade.
- Funcionamento do centro.
 - Xornada escolar e horarios.
 - Apertura e peche do centro.

- Horario lectivo e calendario escolar.
 - Horario do conserxe.
 - Horario do persoal de limpeza.
 - Horario de atención ao público.
- Quendas de vixilancia.
- Actividades extraescolares.
- Servizos complementarios.
- Utilización das instalacións do centro.
- Plan de autoprotección.
- Tarefas extraescolares.
- Actividades complementarias

Xestión de recursos.

- Orzamento.

Aspectos curriculares.

Proxectos de execución anual

- Plan de actividades complementarias.
- Proxecto lingüístico.
- Plan de biblioteca.
 - Programa anual de lectura.
- Plan de formación do profesorado.
- Plan de convivencia.
- Plan de orientación.
 - Plan de atención á diversidade.
 - Plan de acción tutorial.
- Plan de igualdade.
- Plan de comunicación.
- Plan de avaliación.

Iniciativas con continuidade

- Proxecto educación dixital eDixgal.
- Seccións bilingües.
- Auxiliar de conversa.
- Programas europeos internacionais.
- Iniciación á robótica e a liña STEM
- Plan Proxecta.
- Plan dixital de centro.



- Club de ciencia

Outros aspectos.

Revisión e modificación das NOFC.

Avaliación da PXA

ASPECTOS XERAIS

Datos do centro

- 15027401-CEIP Ana M^a Diéguez
- Rúa Atalaia S/N , Asados (Santa María) – 15984 Rianxo (A Coruña)
- Tlfno 881867175 – Fax 881867175
- ceip.anamaria@edu.xunta.gal
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipanamariadiequez/>

Obxectivos específicos para o curso académico 2023-2024 e medidas a desenvolver para a súa consecución

Obxectivos		Medidas	Responsables
Específicos alumnado	<ul style="list-style-type: none"> •Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes sociais básicas para unha axeitada convivencia no marco da escola e da súa comunidade: favorecer a comunicación e o diálogo, a participación activa, o sentido crítico, a responsabilidade, o respecto polas ideas e traballos dos demais, a tolerancia e a cooperación, as actitudes pacíficas na resolución de conflitos ... •Dotar ao alumnado de instrumentos básicos de aprendizaxe e capacitalo para interpretar os diversos tipos de linguaxes e utilizar os recursos expresivos que aumenten e perfeccionen a súa capacidade de comunicación. •Dotar ao alumnado de instrumentos básicos de aprendizaxe e capacitalo para adquirir os coñecementos, procedementos e actitudes necesarias para interpretar a realidade. •Desenvolver as experiencias afectivas, 	<ul style="list-style-type: none"> • Sesións de CCP. • Sesións de claustro. • Reunións entre coordinadores. • Sesións de control do D.O. •Educación para a saúde: Prácticas hixiénicas adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Titoras/es. • Mestres/as especialistas. • D.O.

	<p>motrices, sociais e cognitivas necesarias para identificarse coa cultura e participar na vida social da súa comunidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> •Desenvolver nos alumnos e nas alumnas unha capacidade de razoamento acerca da cuestións sociais básicas: conservación do entorno, procesamento de residuos, reutilización de material de refugallo... •Estimar a lingua galega como propia, dominándoa con coherencia tanto a nivel oral como escrita e como base de comunicación e asentamento de aprendizaxes posteriores. •Impulsar hábitos de alimentación san e hábitos de vida saudable. • Concienciar aos alumnos e alumnas sobre a necesidade da perspectiva de xénero no ámbito social, escolar e familiar. •Apoiar a diversidade do alumnado, procurando o establecemento de medidas de apoio para todo o alumnado NEAE e para todos aqueles que o precisen. 		
Específicos familias	<ul style="list-style-type: none"> •Conseguir a colaboración das familias para o correcto cumprimento das dinámicas educativas. •Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA. 	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións iniciais coas familias ao comezo do curso. • Reunións e coordinacións coas nais/pais/titores cando se soliciten. • Reunións e coordinacións coa ANPA. • Reunións do Consello Escolar implicándoas na toma de 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo Directivo. • Titoras e titores. • Mestres/as especialistas. • D.O.

		decisións. • Establecer canles de comunicación a través de Abalar Móbil, Telegram, Aula Virtual e Páxina Web do centro.	
Específicos profesorado	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a formación do profesorado. • Crear un bo ambiente de traballo e relacións humanas afectivas no profesorado, que repercuta en toda a Comunidade Educativa. • Mellorar a coordinación con todo o equipo docente que traballa en cada nivel. • Mellorar a competencia dixital da comunidade escolar. • Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación. • Desenvolver o Plan de acción titorial. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sesións de CCP. • Sesións de Claustro. • Sesións de control do D.O. • Reunións de coordinacións eficientes. • Formación en TICS. • Continuar cos PFPP. 	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro. • Equipo directivo.
Específicos centro	<ul style="list-style-type: none"> • Tramitar as solicitudes de participación nos Contratos-Programa, Club de ciencia, Plan Proxecta+ e Erasmus+ • Actualizar os documentos do centro que o precisen. • Darlle máis protagonismo á CCP. • Colaborar cos axentes culturais do concello. 	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitudes ás administracións correspondentes. • Reunións CCP. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo Directivo. • Equipo de biblioteca. • D.O. • Membros da CCP.
Específicos Administración	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar a atención ás necesidades do centro e mellorar as deficiencias que presentan algunhas instalacións. • Solicitar a dotación de material e equipamentos do centro. • Solicitar a dotación de recursos humanos necesarios acorde ás necesidades presentes no centro cada ano. • Desenvolver todas aquelas accións que por 	<ul style="list-style-type: none"> • Atención ás diversas publicacións da administración. • Transmitir ao servizo de inspección ou Xefatura 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo.

	medio de ordes, circulares ou instrucións cheguen ao centro.	Territorial calquera necesidade que se teña no centro, xa sexa a nivel material, organizativo ou persoal.	
--	--	---	--

Recursos para a consecución dos obxectivos

Recursos humanos

- No curso 2023-2024 cóntase no centro con catorce mestres que conforman o claustro, doce deles con destino de carácter definitivo no centro e dous con destino de carácter provisional (unha mestra AL e unha de educación infantil). Dentro desta relación atoparíase a mestra especialista en Audición e Linguaxe, que imparte únicamente tres días semanais no noso centro. Contamos ademais cunha mestra itinerante que pertence ao claustro do CEP Brea Segade (xefa do Departamento de Orientación), outra ao CEIP de Pedrouzos (mestra de Relixión) e unha mestra que pertence ao CEIP ADR Castelao (especialista en Pedagogía Terapéutica)
- Conserxe.
- Persoal de limpeza: unha persoa en horario de tarde.
- Contaremos ademais coa participación e a implicación de todos os sectores da comunidade educativa na planificación do centro: ANPA, Consello Escolar, Concello de Rianxo, entidades culturais e deportivas, comunidade de montes,...
- Participación das distintas colectividades integradas no Consello Escolar (profesorado, nais e pais, persoal non docente, administración municipal) para a revisión das NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia).
- A participación de todos os membros da comunidade educativa implicados en cada un dos plans e regulamento, obxecto da revisión e actualización.
- Colaboración cos outros centros de ensino público de Rianxo, as súas ANPAs, o Concello de Rianxo, o CAFI para organizar o PFFP, etc.

- A participación de todos os titores, especialistas e equipo directivo na comunicación da información ás familias a través das distintas vías das que dispón o colexio (web, circulares, reunións,...) para informalos dos obxectivos e intereses.

Recursos materiais

- As instalacións do centro.
- Recursos informáticos ofertados pola Xunta de Galicia e outras entidades ademais das adquisicións que poida realizar o propio centro.
- No propio centro: para a elaboración de traballos plásticos cóntase con material funxible aportado polo centro e polos propios alumnos. Contamos con 7 paneis interactivos , 2 PDIs e 23 tablets. En canto aos cursos 5º e 6º de EP que están en Edixgal, cóntase cun ordenador portátil por alumno/a.
- Por mor dun convenio subscrito coa ANPA do centro contamos tamén con un banco de recursos con diverso material (mesas de luz, tablets, elementos de robótica) a disposición do profesorado do centro para a súa libre utilización en horario lectivo.

Libros de texto

O listado de libros de texto para o curso 2023-2024 foi enviado á Inspección Educativa no mes de xuño tal e como indica a normativa vixente e está publicado na nosa páxina web.

Recursos organizativos

- O ximnasio e a pista cuberta do patio serán empregados polo mestre de E.F. para impartir as súas clases.
- Aula de usos múltiples que se empregará para distintas funcións requiridas.
- A biblioteca será empregada para diversas funcións cando sexa preciso contar cun espazo.
- Páxina web do centro.
- Aula virtual.
- Abalarmóbil.
- Espazo EVA dixital.

- Asesoramento das distintas asociacións colaboradoras.
- Charlas dirixidas ao alumnado das asociacións da contorna do centro.

Institucións colaboradoras

Para a consecución dos obxectivos é importante tamén a intervención de axentes externos que ano tras ano veñen colaborando co centro. Destacamos o traballo desenvolvido pola asociación de pais e nais "Fonte da Revolta", así como do Concello de Rianxo e outras entidades (centro sociocultural, asociacións deportivas e culturais, comunidade de montes...).

ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Alumnado e número de unidades

UNIDADES	CURSO	Nº ALUMNOS/AS
1	4º E.I.	12
1	5º E.I.	18
1	6º E.I.	11
1	1º E.P.	10
1	2º E.P.	08
1	3º E.P.	24
1	4º E.P.	10
1	5º E.P.	13
1	6º E.P.	19
TOTAL: 9		TOTAL: 125

Órganos de goberno e representación

O centro escolar organízase a través dos órganos unipersoais e colexiados.

Órganos unipersoais

Son órganos unipersoais o director, o xefe de estudos e o secretario.

Os seus nomeamentos, mandatos, funcións e ceses son os establecidos pola consellería competente en materia de educación non universitaria dependente da Xunta de Galicia.

No curso académico 2023-2024 o equipo directivo do CEIP Ana María Diéguez, seguirá composto por:

- | | |
|------------------------------------|----------------------------|
| - Dirección | José Rodríguez Rial. |
| - Xefatura de Estudos | Alejandro Vilasoá Bretal. |
| - Secretaría | Silverio José Romero Calvo |

As funcións dos órganos unipersoais son as recollidas na normativa vixente.

Horario de atención ao público por parte do equipo directivo

O horario de atención ás familias por parte do Equipo Directivo serán de luns a venres en horario de 09:30 a 10:30 e sempre con cita previa.

Órganos colexiados

Consello Escolar

Durante este curso 2023 - 2024 o Consello Escolar estará composto polos seguintes membros:

Representación	Nome e apelidos
Director	José Rodríguez Rial
Xefe de estudos	Alejandro Vilaso Bretal
Secretario	Silverio José Romero
Persoal docente	Raquel Figueira Noya
Persoal docente	María Gallardo Rey
Persoal docente	María Aurora González Rodríguez
Persoal docente	Laura Blanco Ares
Persoal docente	Paula Vicente Somoza
Nais / Pais	Marta Neira Rodríguez
Nais / Pais	Fco. Javier Sánchez Alonso
Nais / Pais	Ana temperán Tubío
ANPA	Tamara García Muñiz
PAS	Magdalena Herbón Iglesias
Concello	Julio Alcalde Hermo

As funcións do Consello Escolar así como o seu réxime de funcionamento son as contempladas na normativa vixente. Dentro deste órgano funcionarán as comisións normativamente establecidas.

Reunións

O Consello Escolar reunirase coma mínimo unha vez por trimestre de forma ordinaria e de xeito extraordinario en tódalas ocasións que así o requiran. O Consello Escolar convocarase por medio de correo electrónico en tempo e forma.

Claustro de profesorado

No presente curso o claustro do centro estará composto polo seguinte profesorado:

Nome	Especialidade	Adscrición	Situación administrativa
Aurora González Rodríguez	Educación Infantil	Titora EI	Definitiva
Melany Egan Rodríguez	Educación Infantil	Titora EI	Provisional
Rosa M ^a Hermo Novo	Educación Infantil	Titora EI	Definitiva
Paula Vicente Somoza	Educación Primaria	Titora EP	Definitiva
María Gallardo Rey	Educación Primaria	Titora EP	Definitiva
Raquel Figueira Noya	Educación Primaria	Titora EP	Definitiva
Sylvia Alcalde Ordóñez	Educación Primaria	Titora EP	Definitiva
Jose Rodríguez Rial	Educación Primaria	Titor EP	Definitivo
Santiago Triñanes Sánchez	Educación Primaria	Titor EP	Definitivo

Irene Amado Touriño	Música		Definitiva
Alejandro Vilaso Bretal	Educación Física		Definitivo
Silverio José Romero Calvo	Lingua Estranxeira: Inglés		Definitivo
Laura Blanco Ares	Pedagogía Terapéutica		Definitiva
Marta Larrán Costas	Audición e Linguaxe		Provisional

As funcións do claustro de profesorado así como o seu réxime de funcionamento son as contempladas na normativa vixente.

Reunións

As sesións do claustro de profesorado celebraranse como mínimo unha vez por trimestre de forma ordinaria e de xeito extraordinario en todas as ocasións que así o requiran.

Outro profesorado

Ademais do profesorado integrante do claustro, durante este curso impartirán docencia no centro os seguintes mestres e mestras:

Nome	Especialidade
María Isabel Prados García	Relixión católica
María del Carmen Fernández Vidal	Xefa Dept. Orientación
Paula Pérez Zamora	Pedagogía terapéutica

Órganos de coordinación docente

Comisión de Coordinación Pedagóxica

Estará constituída dacordo co establecido legalmente por:

- José Rodríguez Rial, director.
- Alejandro Vilaso Bretal especialista en EF, xefe de Estudos.
- M^a Irene Amado Touriño, coordinadora de normalización lingüística.
- María del Carmen Fernández Vidal, orientadora.
- Marta Larrán Costas, especialista en A.L.
- Melany Egan Rodríguez, coordinadora de Educación Infantil.
- Sylvia Alcalde Ordóñez, coordinadora de primeiro ciclo de educación primaria.
- María Gallardo Rey, coordinadora do segundo ciclo de educación primaria.

- Santiago Triñanes Sánchez, coordinador do terceiro ciclo de educación primaria.

As súas funcións e competencias son as recollidas na normativa vixente.

Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación no curso 2023-2024 estará integrado por:

- María del Carmen Fernández Vidal: Xefa do Departamento de Orientación.
- Laura Blanco Ares: Mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Marta Larrán Costas: Mestra de Audición e Linguaxe.
- Paula Pérez Zamora: Mestra de Pedagogía Terapéutica.

As súas funcións e o seu réxime de funcionamento son as recollidas na normativa vixente.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está formado por:

- M^a Irene Amado Touriño (coordinadora).
- Silvia Alcalde Ordóñez.
- Rosa M^a Hermo Novo.
- Santiago Triñanes Sánchez.
- Paula Vicente Somoza.

As súas funcións e o seu réxime de funcionamento son as recollidas na normativa vixente.

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Este equipo está composto polos seguintes mestres e mestras durante o curso 2023/2024:

- Alejandro Vilasoa Bretal (coordinador).
- Silvia Alcalde Ordóñez.

- Melany Egan Rodríguez
- Santiago Triñanes Sánchez.
- Paula Vicente Somoza.
- María Gallardo Rey.
- Rosa M^a Hermo Novo.

As súas funcións e o seu réxime de funcionamento son as recollidas na normativa vixente.

Equipo de Biblioteca

Na organización e funcionamento da biblioteca escolar durante o curso escolar 2023/2024 interveñen:

- María Gallardo Rey (coordinadora).
- Raquel Figueira Noya.
- María Aurora González Rodríguez.
- Laura Blanco Ares.
- Marta Larrán Costas.

As súas funcións e o seu réxime de funcionamento son as recollidas na normativa vixente.

Equipo de Dinamización das TIC

Este equipo está composto polos seguintes mestres e mestras:

- José Rodríguez Rial (dinamizador).
- Silverio J. Romero Calvo.
- Santiago Triñanes Sánchez.
- Raquel Figueira Noya.

As súas funcións e o seu réxime de funcionamento son as recollidas na normativa vixente.

Comisión de Igualdade

No noso centro creouse unha comisión de igualdade coa seguinte composición para este curso 2023-2024:

- Laura Blanco Ares (coordinadora).
- Irene Amado Touriño.
- María Gallardo Rey.
- Melany Egan Rodríguez.
- Rosa M.^a Hermo Novo.

Funcións da persoa coordinadora:

- Convocar as reunións.
- Impulsar medidas educativas orientadas a fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
- Coordinar as actividades que se desenvolvan relacionadas coa igualdade no centro.

Funcionamento do centro

Xornada escolar e horario

Apertura e peche do centro

O centro permanecerá aberto seguindo o seguinte horario:

- Luns e martes: de 8:45 - 14:55.
- Mércores, xoves e venres: de 8:45 - 13:40.
- Tarde do luns: 16:00 - 19:00.

Horario lectivo e calendario escolar

O horario do centro é o seguinte:

	LUNS	MARTES		MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-10:00			09:00-09:50			
10:00-11:00			09:50-10:40			
11:00-11:25	RECREO	RECREO	10:40-11:30			
11:25-12:25			11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO
12:25-13:25			12:00-12:45			
13:25-13:45	RECREO	RECREO	12:45-13:30			
13:45-14:45						

Os **luns, de 16 a 19 horas** están destinados a titorías, atención a pais ou titores de alumnos, xuntanzas dos distintos ciclos e departamentos, dinamización TICS, sesións de avaliación, reunións dos órganos colexiados...

En virtude do establecido na Orde do 3 de maio de 2023 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-2024 está previsto solicitar como día non lectivo o **20 de maio de 2024**.

Horario do conserxe

O horario de permanencia do conserxe no centro é de 35 horas e 30 minutos repartidos do seguinte xeito:

	Horario de mañá	Horario de tarde
Luns e martes	08:45 - 15:00	16:00 - 18:00 (só martes)
Mércores, xoves e venres	08:45 - 13:45	16:00 - 18:00

Horario do persoal de limpeza

O persoal de limpeza desenvolve as súas labores en horario de tarde.

Servizos complementarios

Transporte escolar

O transporte escolar está a cargo da empresa MONBUS que atende a ruta Pazo-Marquesa. Este curso 2023-2024 a relación de alumnado usuario do servizo ascende a 40 alumnos/as.

Como puntos fundamentais na organización do transporte escolar indicamos:

- O alumnado irá sempre acompañado no autobús escolar do monitor contratado ao efecto, o cal se fai responsable do coñecemento e seguimento das instrucións recollidas na normativa ao respecto. (Real Decreto 443/01).
- O autobús axustarase ao horario de apertura do centro, deste xeito, deixará aos alumnos/as usuarios 10 minutos antes do comezo do horario lectivo para que se fagan cargo da súa vixilancia os mestres de garda, e recolleraos ao finalizar o horario lectivo, agardando en caso necesario 10 minutos, hora de peche do centro.
- Os alumnos/as serán recollidos na parada polas persoas autorizadas expresamente polos responsables ao comezo do curso. A empresa concesionaria do servizo disporá dunha copia das autorizacións.

Comedor escolar

O servizo de comedor escolar é ofertado e xestionado pola ANPA Fonte da Revolta mediante a modalidade de catering. Durante este curso contará con 47 comensales.

Utilización das instalacións do centro

En relación coa utilización das instalacións do centro por parte de persoas ou entidades alleas á comunidade escolar do centro atenderase á normativa establecida no Decreto 374/1996 e na Orde do 22 de xullo de 1997 :

"Para a utilización das instalacións dun centro público por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarase a solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa.

Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

A utilización das instalacións por parte das asociacións de pais de alumnos, asociacións de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa ó director do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, presencial ou a distancia."

Queda prohibida o acceso ao centro e a utilización das instalacións do mesmo sen permiso expreso da dirección do centro.

Plan de Autoprotección

Xúntase como Anexo I a actualización realizada para o curso actual. Non se rexistran cambios na versión vixente. Durante o primeiro trimestre deste curso está previsto realizar un simulacro de evacuación.

Asignación de tarefas extraescolares en educación primaria

En canto ás **tarefas extraescolares**, en aplicación da *Disposición adicional terceira, do Decreto 155/2022 que establece o currículo da Educación Primaria en Galicia*, o Claustro do centro determinou establecer a posibilidade de que o profesorado poida asignar tarefas extraescolares ao alumnado desta etapa, atendendo sempre ao principio de progresividade ao longo de toda a Educación Primaria e coa finalidade de favorecer a adquisición das competencias básicas do alumnado e fomentar a autonomía e responsabilidade de cara o traballo. Estas tarefas deberán permitir unha axeitada conciliación da vida persoal e familiar de maneira que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe.

XESTIÓN DE RECURSOS

Orzamento

Tanto os ingresos como os gastos serán debidamente consignados no proxecto de orzamento e na conta de gastos do centro que serán presentados ao Consello Escolar para o seu informe e aprobación en cada ano natural.

ASPECTOS CURRICULARES

Plans, programas e proxectos de execución anual

Plan de actividades complementarias

As actividades complementarias e extraescolares que está previsto levar a cabo este curso figuran recollidas no Anexo II.

Proxecto Lingüístico

Ao longo deste curso está contemplado elaborar un novo Proxecto Lingüístico. Achégase a addenda pertinente como Anexo III.

O proxecto de fomento do uso do galego para este curso achégase como Anexo IV.

Plan de Biblioteca

Xúntase como Anexo V.

O Plan Anual de Lectura achégase como Anexo VI.

Plan de Formación do Profesorado

Engádese como Anexo VII.

Plan de Convivencia

Ven recollido como anexo XIII.

Plan de Orientación

Xúntase como Anexo VIII.

Inclúe as concrecións do plan de atención tutorial e do plan de atención á diversidade.

Plan de Igualdade

Durante este curso seguiremos traballando para acadar os obxectivos establecidos no Plan de Igualdade vixente no centro. Xúntase como Anexo XI.

Plan de Comunicación

O Plan de Comunicación do centro deberá ser adaptado en función do establecido no Plan Dixital do Centro. Segundo o calendario establecido pola Consellería este curso 2023-2024 debe continuarse coa elaboración e implementación do devandito plan dixital. unha vez rematado o desenvolvemento deste plan abordaranse as modificacións do Plan de Comunicación.

Plan de Avaliación

Avaliación continua

Aportará a información que permita a realización dos axustes necesarios coa finalidade de acadar os obxectivos propostos ao comezo do curso.

Avaliación final

En todos os niveis haberá tres avaliacións, unha ao remate de cada trimestre. As datas sinaladas son as seguintes:

Datas avaliación	
Primeiro trimestre	18 e 19 de decembro de 2023
Segundo trimestre	18 e 19 de marzo de 2024
Terceiro trimestre	24 e 25 de xuño de 2024

- Nas sesións de avaliación dos diferentes niveis reuniranse todos os mestres/as que imparten áreas no nivel, coordinados pola respectiva titora ou titor.

- Os boletíns informativos serán os que proporciona a aplicación XADE e entregaranse ao alumnado de xeito impreso ou por medio de abalar unha vez rematadas as sesións de avaliación.

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica poderá realizar todos os axustes e modificacións que considere necesarios a proposta dos equipos de ciclo e/ou niveis.

- Os criterios de promoción serán os recollidos no Proxecto Educativo do Centro.

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica efectuará calquera modificación que se considere oportuna.

Iniciativas con continuidade

Educación Dixital. Proxecto e-Dixgal

O proxecto e-Dixgal foi elaborado no curso 2020-21 para os próximos catro anos e non presenta modificacións respecto ao elaborado inicialmente.

Seccións Bilingües

Achégase Anexo IX.

Auxiliar de conversa

Achégase Anexo X.

Programas Europeos Internacionais

Solicitouse e foi aprobado un novo proxecto Erasmus+ que deberá ser executado antes do 30 de novembro de 2023. Prevese realizar dúas mobilidades Job Shadowing para observación de centros doutros países da Unión Europea e outras dúas para asistir a actividades de formación.

Iniciación á robótica e á liña STEM

Durante o presente curso está previsto continuar coas sesións de iniciación á programación e a robótica, segundo o indicado no noso proxecto TIC que se xunta como Anexo XII. Por outra parte, prevese a chegada de equipamento STEM proporcionado por parte do programa de innovación educativa Polos Creativos.

Plan Proxecta

O centro presentou a solicitude de participación nunha modalidade do Plan Proxecta.

Plan Dixital de centro

Según as instrucións da resolución do 3 de setembro de 2021, os centros docentes sostidos con fondos públicos debían deseñar, elaborar e implementar un Plan Dixital de centro ao longo dese curso de xeito que se fixera efectivo durante o curso 2022-2023 e a vez continuábase coa súa aplicación no devandito curso 2023-2024. Para a súa elaboración, a Consellería de Educación porá a disposición dos centros que así o soliciten, persoal que os asesore na elaboración do plan. Así pois, está previsto a continuidade da posta en marcha deste plan ao longo deste curso. Co Plan Dixital iniciado no anterior curso, durante este, buscarase acadar os obxectivos establecidos de forma inicial que foron acadados de forma parcial pero non total no curso anterior. A estes obxectivos se añadirá algún máis buscando ampliar o nivel de competencia dixital do centro. Para facilitar este proceso, parte da formación do profesorado deste curso volverá a xirar ao redor do Plan Dixital.

Os obxectivos que desenvolven este Plan Dixital veñen recollidos no anexo XIV.

Club de ciencia

O centro presentou a solicitude de participación no proxecto Club de Ciencia e esta foi inicialmente aprobada, polo que durante este curso o alumnado de 5º e 6º de primaria, en horario non lectivo, recibirá unha sesión semanal de ciencia experimental, lúdica e educativa.

OUTROS ASPECTOS

Revisión e modificación das NOFC

Non hai aspectos a modificar este curso en relación co PEC. O propósito ao longo do ano é afrontar a renovación das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia no centro.

AVALIACIÓN DA PXA

A CCP fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos establecidos ao comezo do curso na Programación Xeral Anual para poder detectar as insuficiencias da mesma.

Alo menos unha vez ao trimestre, o Claustro valorará o grao de cumprimento dos obxectivos e valorará posibles propostas de mellora.

Ao remate do curso 2023-2024 a Memoria Final do Centro recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumprimento dos obxectivos, medidas tomadas e recursos empregados.

Por outra parte está prevista a realización dunha enquisa dirixidas as familias do centro no que se avalíen aspectos xerais vinculados ao funcionamento do colexio.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN 2023-2024

Segue vixente o plan de autoprotección anterior, no que se desenvolven os seguintes puntos:

- Asistencia aos alumnos accidentados.
- Plan de evacuación en caso de emerxencia:
 - a) Incendio.
 - b) Temporal de vento e choiva.
 - c) Movemento sísmico.
- Funcións xerais da autoprotección escolar. Responsables das comisións e equipos.

Coordinador: José Rodríguez Rial.

Adxuntos: Alejandro Vilaso Bretal e Silverio J. Romero Calvo.

Misións:

- Realizar un estudo detallado do centro:
- Crear os diferentes equipos asignándolles misións concretas.
- Vixiar o cumprimento das misións encomendadas.
- Resolver as propostas que someta a súa consideración o xefe de autoprotección.
 - Realizar campañas de prevención e organizar simulacros.
- Fases de execución:
 - a) Fase de alerta.
 - b) Fase de intervención.
- Equipamento.
- Plan de evacuación.
- Seguemento e revisión do plan.

Ao longo do curso levaranse a cabo dous simulacros de evacuación se as circunstancias o permiten.

Programa de actividades complementarias 2023-2024

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Considéranse actividades complementarias as visitas, os traballos de campo, as saídas polo entorno do centro, as viaxes de estudo, as conmemoracións e os obradoiros.

Os obxectivos que van primar neste tipo de actividades quedan concretados a continuación:

- 1.- Dinamizar a vida do centro e crear un clima escolar motivador y saudable.
- 2.- Favorecer a formación integral do alumnado ampliando o seu horizonte cultural, e integralo no seu propio proceso educativo.
- 3.- Preparar ao alumnado para a inserción na sociedade.
- 4.- Desenvolver o espírito crítico.
- 5.- Lograr a súa implicación no ámbito da cultura.
- 6.- Facilitar o acceso á práctica de actividades deportivas ou culturais.
- 7.- Mellorar a motivación e o interese do alumnado polo centro e polas actividades que nel se organizan.
- 8.- Favorecer as relacións colaborativas familia-centro.
- 9.- Fomentar un clima de cordialidade entre todos los membros da Comunidade Escolar.
- 10.- Promover na Comunidade Educativa o sentido da responsabilidade ea colaboración; e favorecer una maior participación e interacción de todos os sectores da comunidade escolar e do entorno.

Durante o curso 2023-2024 a maior parte das actividades complementarias realizadas por parte do centro terán conexión co centro de interese traballado no centro educativo e que vai enfocarse nos seres mitolóxicos propios da cultura galega.

Segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, algunha das datas conmemorativas que se poderán traballar son:

- Día Universal da Infancia: 20 de novembro de 2023.
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero: 25 de novembro de 2023.

• Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023.

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade: 3 de decembro de 2023.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro de 2023.
- Día Internacional da Educación: 24 de xaneiro de 2024.
- Día Escolar da non Violencia e da Paz: 30 de xaneiro de 2024.
- Día de Rosalía de Castro: 23 de febreiro de 2024.
- Día Internacional da Muller: 8 de marzo de 2024.
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: 15 de marzo de 2024.
- Semana da Prensa: Do 4 ao 8 de marzo de 2024.
- Día Mundial da Saúde: 7 de abril de 2024.
- Semana do Libro: Entre o 22 e o 26 de abril de 2024.
- Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio de 2024.
- Día de Europa: 9 de maio de 2024.
- Semana das Letras Galegas: Do 13 ao 17 de maio de 2024.
- Día Mundial do Medio Ambiente: 5 de xuño de 2024.

Ademais destas conmemoracións que veñen recollidas na citada Orde, no noso centro tamén celebraremos:

- Samaín: 31 de outubro de 2023.
- Magosto: Entre a primeira e segunda semana de novembro de 2023.
- Nadal: Do 1 ao 22 de decembro de 2023.
- Semana de Castelao: Do 24 ao 28 de xaneiro de 2024.
- Entroido: Do 5 ao 9 de febreiro de 2024.
- Orgullo LGTBI: Do 10 ao 14 de xuño de 2024.

Sen poder chegar a concretalas, por non poder coñecer a súa oferta con carácter previo, durante o curso está prevista a asistencia as actividades de tipo educativo e cultural que sexan ofertadas polo Concello de Rianxo. Do mesmo xeito, a criterio do profesor de cada área, poderían realizarse saídas fóra da localidade para visita a museos, asistencia a obras de teatro, eventos de carácter deportivo ou xornadas

de fin de curso en instalacións lúdico-educativas. Estas actividades fóra do concello de Rianxo deberán contar sempre con autorización escrita dos responsables legais do alumnado. A autorización por parte do Consello Escolar do centro prevista no artigo 76 do Decreto 374/1996 enténdese concedida coa aprobación da presente Programación Xeral Anual e os seus anexos.



Addenda ao Proxecto Lingüístico 2023-2024

Lingua materna en educación infantil

- A lingua materna en educación infantil é maioritariamente o galego.

Estratexias didácticas para adquisición das linguas oficiais en Educación Infantil.

- Ofrecer ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe en ambas dúas linguas nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.
- Organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo.
- Realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria.
- A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, a parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinarlles ás nenas e aos nenos a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas, promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.
- É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa co elemento motivador da estimulación da linguaxe.
- A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros coa lingua de uso habitual para construír coñecementos e acadar a formación dunha autoimaxe positiva.

Plan de Actividades

Para levar a cabo os obxectivos xerais recollidos no Proxecto Lingüístico vanse realizar as seguintes actividades, xa mencionadas no Proxecto de fomento do uso do galego.

- Elaboración da Revista Escolar: Será confeccionada ao longo de todo o curso para ser impresa no mes de maio. Contará coas seccións de Experiencias, Cultura Popular, Letras Galegas, Os máis pequenos, Contos, Poemas, Cómics e Pasatempos
- Celebracións: Por acordo do Claustro, o colexio realizará actividades acerca de varias celebracións que consideramos de interese didáctico e pedagóxico. Nas mesmas, o equipo de Normalización Lingüística desenvolverá un traballo dinamizador da lingua galega, entre outros obxectivos. Favorecerá así mesmo a comunicación entre o alumnado, mestres e comunidade escolar; realizará as adaptacións oportunas do material impreso, e procurará o uso cada vez máis normativizado da nosa lingua.

Neste curso decidimos traballar as seguintes celebracións:

- Samaín
- Magosto/Medio Ambiente/Día da Árbore



- O Nadal
- Semana de Castelao
- A Paz
- O Entroido
- Día do libro
- A Semana da Lingua (Letras Galegas)

Con estas actividades preténdese:

- Lograr un maior coñecemento da lingua galega.
- Coñecer e valorar a nosa cultura.
- Desenvolver actividades de responsabilidade ante o medio, participando na súa conservación e mantendo condutas pacifistas entre nós e o entorno.
- Recoller datos do entorno para un maior coñecemento do mesmo e da nosa lingua

Valoración das actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizadas polo centro educativo no curso anterior

As actividades realizadas durante o curso anterior ofreceron a tódolos membros da comunidade educativa de participar co fin de promover o uso do galego. A memoria da PXA do curso escolar 2022-2023 recolle pormenorizadamente o desenvolvemento destas actividades.



INTRODUCCIÓN

Tal como se recolle no Proxecto Educativo de Centro o equipo de dinamización da lingua galega debe promover o uso do galego no centro en todos os ámbitos, respecto ao legalmente establecido no Decreto *79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Estes aspectos deberán plasmarse na PXA, así como os obxectivos cara a sensibilización da comunidade educativa respecto das vantaxes de contar cunha lingua propia e da necesidade de coñecela e usala. O papel do profesorado do centro será moi importante cara un compromiso social, cultural e lingüístico coa cultura galega. É preciso inculcar aos nosos alumnos e alumnas actitudes positivas cara a nosa lingua, cun obxectivo moi claro, que será conseguir unha boa competencia oral e escrita nas dúas linguas oficiais que existen na nosa comunidade.

MARCO LEGAL

O establecido na Constitución Española (art. 3.3) e o preceptuado no Estatuto de Autonomía de Galicia (art. 5.3) e no título III da Lei de Normalización Lingüística 3/1983 do 15 de xuño, así como no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e o Decreto 374/96 do 17 de Outubro que regula o Regulamento Orgánico das escolas de Infantil e colexios de Primaria proporcionáanos o marco legal para a Constitución dos Equipos de Dinamización Lingüística nos Centros Docentes, para elaborar o Proxecto Lingüístico de Centro así como para organizar e promover o ensino do galego no sistema educativo.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O equipo de dinamización lingüística do CEIP ANA MARÍA DIÉGUEZ de Asados Rianxo está integrado pol@s seguintes docentes:

Coordinadora:

- Amado Touriño, María Irene (Educación musical)

Profesorado:

- Silvia Alcalde Ordóñez (1º primaria)
- Paula Vicente Somoza (2º de primaria)
- María Gallardo Rey (3º de primaria)
- Santiago Triñanes Sánchez (5º de primaria)
- Alejandro Vilasoa Bretal, (Educación Física)

As **reunións** do EDLG son mensuais o último luns de cada mes

BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.

O centro está implicado na promoción, difusión e uso da lingua e cultura galegas e, tanto na relación entre o profesorado, como entre as administracións territoriais e locais galegas, así como coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, a lingua vehicular é o galego. Todos os documentos administrativos de réxime interno do centro como actas, comunicados, anuncios, etc. redáctanse en galego, e neles consta o nome do centro e o topónimo do concello na súa forma oficial.

Asados é unha das seis parroquias que forman o concello de Rianxo. Esencialmente rural e moi próxima á costa ten na lingua galega o vehículo habitual, e case exclusivo, de comunicación da súa xente. Practicamente o cen por cen do alumnado que escolarizamos é galegofalante, polo que contamos cun importante traballo realizado á hora de acadar o uso normalizado do idioma galego na comunidade escolar. Sen embargo, observamos unha serie de vicios e influencias do castelán que consideramos necesario corrixir e depurar, así como o aumento paulatino de alumnos e alumnas que non teñen o galego como lingua materna.



No contorno do centro podemos distinguir varios axentes:

Familias

As familias son na súa meirande parte galego falantes, tendo rasgos propios da zona (gheada, seseo). Nos últimos anos vense observado que vai aumentando de xeito preocupante o número de alumnos e alumnas castelán falantes así como o emprego abusivo de castelanismos nos galego falantes-

Administración local

A administración local, representada polo Concello, usa o galego como lingua oficial. Así consta nos documentos, rotulado exterior do edificio e na atención ao público.

Entidades asociativas

Dentro das entidades socio culturais da zona todas usan o galego como lingua oficial.

A nosa tarefa como equipo de dinamización da lingua galega será dirixir as nosas actividades cara a totalidade dos membros que integran os distintos colectivos que forman o centro: profesorado, alumnado e persoal non docente. Tamén tentaremos que a nosa actividade se estenda ao ámbito da nosa comunidade educativa.

A SITUACIÓN DO PROFESORADO.

A meirande parte do profesorado utiliza o galego na vida do centro, algúns como forma vehicular e outros poden falalo segundo a quen se dirixan. A fala maioritaria de relación entre o profesorado vén sendo tamén o idioma propio deste país, o galego.

En canto ao persoal non docente, o persoal encargado da Administración e os traballadores e traballadoras que se ocupan da limpeza, conserxería, ... exprésanse con normalidade en galego.

A SITUACIÓN DO ALUMNADO.

O centro consta de 41 de Educación Infantil, 84 de Educación Primaria .

A lingua máis utilizada polos alumnos e alumnas é o galego. No contorno familiar a porcentaxe supera un 80% aínda que se ven observando que cada ano é máis habitual o emprego do castelán como lingua materna.

Os maiores problemas detectados a nivel lingüístico, están relacionados tanto coa lingua oral como coa lingua escrita porque a lingua castelá está



galeguizada e o léxico galego está castelanizado. É por iso que a nosa proposta basearase no fomento da lingua galega eliminando, en primeiro termo, calquera prexuízo que puidera xurdir en torno a ela, e tomando medidas para tal finalidade. Pero ao mesmo tempo reforzarase as interferencias lingüísticas, de xeito que o alumnado vaia eliminando pouco a pouco o léxico castelán da súa lingua habitual, e vaian depurando a lingua castelá de galeguismos. Así mesmo fomentarase a linguaxe escrita en ambas as dúas linguas. A nivel de comprensión, tanto oral como escrita, non se detectan problemas salientables en ningunha das dúas linguas.

SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Na vida do centro o galego está moi presente, por exemplo na documentación administrativa. Aínda que o galego é a lingua vehicular, tamén se contempla a posibilidade de remitir documentación en castelán aos pais que así o soliciten por escrito. Todo tipo de comunicacións nos taboleiros ou aos pais/nais, autorizacións para saír do centro en horario escolar, autorizacións para saír a actividades extra/escolares, boletíns de notas, escritos á Delegación, Inspección, Consellería e outros organismos oficiais, redáctanse en galego.

Así mesmo tamén se realizan en galego todas as actividades non docentes levadas a cabo entre profesorado e alumnado. O mesmo ocorre coas actividades extra/escolares. O persoal non docente realiza a súa actividade en galego.

O Centro conta cunha ANPA que tamén usa e fomenta o uso do galego.

Na biblioteca do centro pódese atopar material en galego tanto libros como revistas. Pola contra, o material audiovisual é escaso xa que son poucos os títulos que están no mercado.

Destacar que O CEIP conta con páxina Web, aula virtual e blogues específica en galego.

DESCRIPCIÓN DE OBXECTIVOS

De todo canto dixemos dedúcese que a lingua normal deste colexio e da comunidade educativa é o galego, polo que o obxectivo primordial deste equipo será manter o nivel acadado e incidir na autoestima e na actitude cara á lingua que é onde está a nosa febleza.



OBXECTIVOS REFERIDOS AO CONTORNO DO CENTRO.

- Desenvolver os hábitos e técnicas para que, a través da implicación afectiva, se chegue a un compromiso positivo coa nosa lingua e coa nosa cultura.
- Implicar aos distintos membros do centro no Proxecto Lingüístico.
- Fomentar o uso da lingua galega na escrita.
- Promover a autoestima lingüística nas familias, para que se valoren como elemento fundamental na transmisión do idioma e na aprendizaxe dos nenos e nenas.

OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO DO CENTRO.

- Sensibilizar ao profesorado nos diferentes niveis da fala, facendo fincapé en que o mantemento dos mesmos enriquece e normaliza a mesma. Así mesmo as variantes dialectais da zona deben ser coñecidas e na lingua de relación respectadas.
- Conseguir que desde o tratamento dado no centro escolar, por medio dos rapaces/as, a curto e longo prazo, o galego pase a ser a lingua A na situación diglósica.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia da nosa comunidade, recoñecendo a existencia da diversidade lingüística como feito cultural e enriquecedor.
- Proporcionar información ao profesorado sobre a normativa que regula o uso da lingua, e os cambios das normas do galego.
- Interesarse por coñecer a cultura literaria galega a través dos contos, tradicións, cantigas, adiviñas, refráns...para identificarse coa forma de sentir do pobo.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego.
- Colaboración cos distintos departamentos nas actividades que así o precisen.

OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO DO CENTRO.

- Potenciar a presenza no ensino da realidade cultural, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos.
- Favorecer o coñecemento da cultura, da Literatura, da Música e da cultura popular propias desta zona para que os alumnos e alumnas aprendan a valoralas. Podemos aproveitar ese material para a súa publicación na revista escolar.



- Utilizar a lingua galega en diferentes situacións comunicativas, mostrando interese por expresarse con claridade e usando un léxico axeitado á idade do comunicador.
- Fomentar actitudes positivas cara a aprendizaxe do galego e o seu uso en diferentes situacións comunicativas.
- Potenciar o coñecemento biográfico e literario de autores ilustres galegos, a través da súa lectura.

OBXECTIVOS REFERIDOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

- Usar cos alumnos as TIC, promovendo a súa identificación co uso do galego.
- Fomentar o emprego do galego nas actividades extraescolares do centro e nas actividades docentes e administrativas.
- Implicar aos pais e nais no uso do galego na casa cos seus fillos para que non se perda o uso da lingua, a nosa cultura e tradicións do pasado.
- Levar a cabo actividades de acollida para o alumnado inmigrante onde estea presente a inmersión lingüística e cultural.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades internas do Centro que favorezan a normalización e dinamización.
- Buscar a colaboración dos pais/nais a través da ANPA, naquelas actividades que se pretendan levar a cabo para o mellor coñecemento dos nosos costumes, cultura e lingua.

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O noso proxecto aséntase no cumprimento dos obxectivos comúns, aos que facemos referencia en primeiro lugar, para logo propoñer outros obxectivos máis específicos que desenvolvan os anteriores. E para iso as actividades referidas aos obxectivos previstos estarán baseados en cinco piares:

- a) LINGUAXE ORAL
- b) LINGUAXE ESCRITA
- c) LINGUAXE ARTÍSTICA
- d) CULTURA
- e) TIC'S

Estes 5 piares desenvolveranse de xeito incardinado, afondarase en todos eles tanto de forma autónoma como conxunta, dependendo da actividade, e



tratarase de implicar **a toda a Comunidade Educativa: Alumnado, Profesorado, Persoal non docente, ANPA, Familias, Concello, Asociacións...**

A continuación detallamos as actividades de dinamización lingüística, presentando a súa descrición detallada dun xeito temporal correlativo, é dicir seguindo o seu desenvolvemento dende setembro a xuño.

2.- Celebración do Samaín:

Como xa vén sendo habitual nos últimos anos, o martes 31 de outubro celebrárase unha vez máis a festa do Samaín procurando recuperar tradicións practicamente perdidas no medio no que nos atopamos.

Cada aula traballará durante a última semana de outubro, nas horas de lingua, **textos referidos a esta celebración** (o tempo, a escuridade, vocabulario, os froitos desta data, a cabaza e a cabaceira, tradición celta ...).

Farase unha **exposición de cabazas**: Os nenos/as, coa axuda das súas familias, decorarán nas súas casas unha cabaza con motivo desta exposición. Pídeselle que as valeiren e que lle poñan no seu interior unha candeia, xa que pola tarde colocaranse na muralla que pecha o recinto escolar. A noiteña terá lugar o xa típico acendido de cabazas nos exteriores do centro. Despois da aceptación dos cursos pasados e coa colaboración da ANPA organizarase unha actividade sorpresa nas instalacións interiores do centro e exteriores se o tempo o permite. A dita actividade será aberta á comunidade educativa, familias e veciños.

Pola mañá, levarase a cabo a xincana de obradoiros nos que participará todo o colexio Como actividade plástica ambientarase o colexio acorde coa temática. Para rematar a mañá faremos o xogo de atopar a cabaza.

Neste curso escolar temos como centro de interese a **mitoloxía galega**. Consideremos moi acaído darlle un pulo a que sexan os seres míticos da nosa tradición os personaxes traballados na maioría das actividades deseñadas para esta conmemoración.

3.-● Magosto: Arredor do 11 de novembro, faranse xogos con castañas, así como o tradicional **asado e merenda de castañas**. Nesta celebración, realizarase unha batería de xogos relacionada coa temática do magosto (transporte de castañas, lanzamento, baile, paseo de castaña con culler, búsqueda da castaña, sementar e apañar...) na que participará todo o

alumnado.

Como de costume, nas aulas confeccionaremos tetrabriks decorados con debuxos de castañas, ourizos, follas de castiñeiro, etc... para recoller nel as castañas asadas e no outro as cascas, e así deixar o noso patio completamente limpo.

Como anos anteriores, pretendemos, nesta época, dar cobertura á celebración do Día da Árbore e do medio ambiente. Durante todo o curso mantemos unha relación directa co medio realizando labores de limpeza, coidado e conservación das **plantacións** realizadas na parroquia en anos anteriores, así como para observar os cambios e o seu proceso de crecemento, espertando nos nenos sentimentos de respecto co medio ambiente.

Nesta celebración ten unha participación activa o concello, a Comunidade de Montes da Parroquia de Asados e a escola obradoiro de xardinería que colaboran co centro poñendo á nosa disposición zonas para plantar árbores e persoal para a limpeza acondicionar as plantacións.

4.- Día en contra da violencia de xénero

Participaremos neste día realizando as actividades nas aulas e colaborando nas accións que se programen para ese día dende o Concello, a comisión de igualdade do centro.

7.- Nadal: Achégaselle ao profesorado unidades e material didáctico sobre esta festividade. Como xa ven sendo habitual nos últimos anos facemos unhas postais de nadal nas aulas que posteriormente enviáremolas por correo ordinario as familias.

Recuperar a figura do Apalpador como persoaxe propio da tradición galega mediante actividades relacionadas co seu significado. Tamén escribiremos as cartas aos Reis Magos que se entregará o da súa visita.

Elaboraremos un almanaque ilustrado baixo a inspiración do centro de interese da mitoloxía galega. Entregando un a cada familia máis un por aula.

Participaremos na elaboración dun tríptico de nadal coas recomendacións de lecturas en galego.

Dende o fogar farán un adorno para colgar na árbore do colexio . Nas datas próximas ao Nadal acudiremos ao auditorio do concello para representar o festival de Nadal sobre a temática da "Mitoloxía Galega".

Ao remate das actuacións farase un simulacro de entrada no novo ano con gusanitos en vez de uvas ao son das campás.

8.- Semana de Castelao: Na semana de finais de xaneiro aos primeiros días de febreiro conmemoramos o nacemento do escritor rianxeiro. **Traballarase a figura e obra do autor** en cada aula traballaremos un texto .

No corredor do centro montarase unha **exposición** con libros, portadas de libros e láminas relativas á súa obra para dar a coñecer as distintas facetas deste autor.

Este curso traballaremos máis polo miúdo algún aspecto da súa vida ou obra que aínda está por determinar.

9.-Día da Paz.-

Faremos un acto simbólico aínda por determinar.

10.-● Entroido: Como todos os anos o 3º ciclo de primaria elaborará con papel maché o busto do noso "**Entroidiño**" e o alumnado de E.I. encherán roupas para facerlle o corpo. Nos días anteriores á celebración, o "Entroidiño" estará exposto no corredor do colexio e dará **ordes**, sobre a vestimenta que se deberá traer á escola, que todos os membros do centro deberán cumprir.

Cada nivel ou curso confeccionará o traxe motivo do **disfrace**. Este ano todos os disfraces xirarán en torno ao proxecto da mitoloxía galega por ser este o proxecto que se está a traballar en todo o centro.

Realizarase un **pasarrúas** coas comparsas por diferentes lugares da parroquia, acompañados do meco "entroidiño", que queimaremos despois de realizar o xuízo, que correrá a cargo dos alumnos e alumnas de sexto curso.

Regresando ao centro farase a típica degustación de postres de Entroido que non se puido realizar nos cursos anteriores por mor da situación sanitaria.

11.-Día do Libro: A comisión de biblioteca será a encargada de programar diversas actividades, entre as que cabe sinalar contadores de contos nos recreos por parte dos alumnos de maior idade.

12.-Semana da Lingua: A actividade cultural no mes de maio estará centrada na celebración do **Día das Letras Galegas** na que se propoñen traballos sobre a vida e obra do autor, Luisa Villalta, a homenaxear no ano 2.024, a través de distintas unidades didácticas. O equipo de biblioteca fará unha exposición de material impreso e audiovisual sobre a autora.



13.- Publicación do número 30 da revista Farrapiños cuxa elaboración será un traballo de todo o alumnado ao longo do curso. A súa edición está prevista para finais de maio ou comezos de xuño. Xa desde comezo do curso está creada a comisión de seguimento de cada un dos diferentes apartados de que consta:

- ✓ Editorial
- ✓ Os máis pequenos
- ✓ Poemas
- ✓ Contos e relatos
- ✓ Celebracións
- ✓ Saídas e experiencias
- ✓ Bandas deseñadas e pasatempos
- ✓ Aprendemos a falar mellor.
- ✓ As nosas cancións.

14.- Durante este curso seguirá funcionando a **biblioteca escolar**. Cada curso seguirá tendo un horario para realizar traballos e pescudar información dos diferentes proxectos que o equipo de biblioteca e EDLG propoñan. Cada actividade e centro de interese a traballar seguirá tendo como punto de partida e acollida a biblioteca escolar. Funcionarán as “mochilas viaxeiras”.

15.- Organizaremos **sesións de “contacontos”** coa participación do profesorado do centro, e tamén pequenas representacións teatrais na escola, con actividades arredor do “ Día do Libro ”. Traballaremos algún libro en profundidade para poder traer o autor ao centro e poida falar e comentar co alumnado a temática e a súa experiencia como lector e escritor.

16.- Como todos os anos programaranse diferentes **saídas culturais**: teatro, concertos, monicreques, saídas polo entorno próximo da escola,... ao longo do curso e segundo as necesidades dos diferentes ciclos, mais sempre tendo a lingua galega como eixo e contido.

17.- Impulsarase o emprego da lingua galega e o manexo de vocabulario específico nos diversos plans Proxecta solicitados neste curso 2023-2024 e que neste curso xirarán arredos do centro de interese da gastronomía.



- Clube de ciencia.

18. Promoveranse experiencias e actividades relacionadas co centro de interese anual, **“A Mitoloxía Galega”**.

En resumo, trátase de realizar un traballo que supoña un enfoque global do proceso de ensino/aprendizaxe, incorporando contidos transversais fundamentais coma o coidado do entorno, educación para o tempo libre, educación para a saúde,...e o coñecemento de elementos culturais e lingüísticos importantes do medio máis próximo.

Plan de Biblioteca.

Seguindo a resolución de 20 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares no curso académico 2023/2024, a biblioteca contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e a outros recursos. Ademais servirá aos obxectivos do Proxecto Lector de centro así como instrumento que axude ao desenvolvemento do programa de promoción da lectura.

A biblioteca funcionará como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. A súa organización permite ó alumnado a **busca** por exploración directa nos estantes. Conta con arredor de cinco mil títulos que están distribuídos en recunchos atendendo á Táboa Simplificada da CDU.

En canto á **organización** dos exemplares na biblioteca, facilítase, tendo no lomo de cada libro un adhesivo identificativo, o grao de maduración lectora asociado a ese libro, para a ficción:

- **Prelectores:** os libros da etapa de Educación Infantil e tamén os utilizan os nenos de primeiro cando comezan a ler.
- **Primeiros lectores:** Sendo os libros para utilización dos nenos/as de primeiro.
- **Lectores autónomos:** considéranse aqueles tomos nos que o alumnado xa comeza a ler desfrutando autonomamente e sendo consciente desta lectura.
- **Lectores expertos:** agrúpanse os libros que implican unha maior fluidez lectora, coñecemento dun léxico máis específico, unha capacidade crítica e maior comprensión e desfrute.
- **Adultos:** Libros para as familias.

Ademais, os libros están organizados por temas (CDU) facilitando así a súa localización nos estantes marcados para cada un.

- Plan de funcionamento:

A nosa biblioteca é unha parte importante do noso centro. Durante este curso intentaremos que siga sendo un lugar de referencia para todo o alumnado e tamén para o profesorado, axudando en todo momento a fomentar a lectura e que o alumnado e profesorado poida acceder a información e recursos para dito fin.

Na organización e funcionamento da biblioteca escolar durante o curso escolar 2023/2024 interveñen:

María Gallardo Rey (coordinadora)

Raquel Figueira Noya

María Aurora González Rodríguez

Laura Blanco Ares

Marta Larrán Costas

A coordinadora contará con dúas horas semanais exclusivas de dedicación á biblioteca e o resto dos membros do equipo unha hora. Tentarase na medida do posible que esas horas haxa polo menos dous compañeiros do equipo. Ademais, as horas de garda restantes tamén se adicarán, no caso de non ter que facer substitucións, a atención á biblioteca.

Para involucrar a todo o profesorado na utilización da biblioteca propónselle que reserve dentro do seu horario de docencia directa, unha hora semanal de utilización da biblioteca na que o alumnado de cada curso poderá levar en préstamo o libro que elixa; ademais os titores poderán seleccionar un lote de libros (ata 50) para a biblioteca de aula e para montar a mochila viaxeira do seu grupo

Realizaranse campañas especiais para promover a lectura en función dos centros de interese, días internacionais ou mundiais e proxectos nos que se involucre o centro ao longo do curso 2023-2024. A través da páxina web do centro accederase a información de ditas campañas (no apartado de Dinamización da Biblioteca) que será compartida nas aulas virtuais dos diferentes grupos. Lectura de contos por parte do alumnado axudante, dramatizacións, realizacións de clubs de lectura onde cada un poida deixar a súa opinión por escrito ou en vídeo sobre o libro que ven de ler...

Ao igual que outros anos e coincidindo con algunha data en especial a partir da primavera contactarase cun contacontos ou un autor ou ilustrador que nos mostre o traballo que realiza. No caso de non dispoñer de espazo no centro buscaríamos a posibilidade de realizar a actividade na Casa da Cultura Rianxeira

Dado que todos os nenos/as e titores teñen o seu propio carné de biblioteca pódense acceder aos fondos de dúas maneiras:

- **Préstamos directos aos usuarios.** Os alumnos poden realizar un empréstimo cun tempo máximo de devolución de sete días. O profesorado poderá realizar un empréstimo de tres libros e terá quince días para a súa devolución. Nos dous casos sempre que sexa necesario poderase renovar o empréstimo.

• **Préstamos ás aulas.** Co fin de colaborar na creación das bibliotecas de aula, cada titor poderá levar para a súa aqueles títulos que considere oportunos e necesarios. Os empréstitos ás aulas poderán ser de un máximo de cincuenta libros e sesenta días.

- Proposta de actividades para desenvolver no curso 2023-2024:

Mochilas viaxeiras. Cada titor escollerá os libros que completarán a mochila.

Formación para o alumnado voluntario que axude nas tarefas

- Colaboración con outras bibliotecas:

Como o ano pasado xa que ás veces nos atopamos limitados para conseguir títulos de determinadas temáticas que se traballan de xeito puntual no centro, buscaremos colaboración de outras bibliotecas:

-Biblioteca pública de Rianxo

- Biblioteca Ánxel Casal. (Santiago)

- Bibliotecas escolares do Concello de Rianxo

- Celebracións puntuais e efemérides:

Serán tratadas na biblioteca a través da mascota Merlín, que será o encargado de deixar as mensaxes nas aulas virtuais ou na sección da biblioteca da páxina web do centro.

Organizaranse actividades e obradoiros arredor das celebracións do ciclo anual.

- Formación de usuarios:

Os responsables da biblioteca pasarán puntualmente polas distintas aulas para informar ao alumnado e profesorado do funcionamento da biblioteca.

No curso 2023-2024, o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria voluntarios, poderán asumir a función de axudantes previa formación, axudando aos usuarios a atopar algún título, realizando préstamos, actividades de animación á lectura (contacontos na biblio...), tarefas de organización de títulos novos, forrado de libros, etc...

- Coñecendo a nosa mascota:

O moucho Merlín seguirá a ser a canle de comunicación entre a biblioteca e os discentes. Encargarase da redacción e envío de cartas ás titorías, nas que informará das actividades que se desenvolvan na biblioteca: (apertura da biblioteca, concursos, certames, contacontos...). Merlín comunicarse a través de notas que se enviarán ás aulas ou se publicarán na web.

- **Trípticos informativos:**

Puntualmente elaborados polo equipo para transmitir ás familias e ao alumnado información diversa sobre o funcionamento da biblioteca, novidades, recomendacións...

- **Publicacións informativas na web**

Coa finalidade de dar a coñecer a toda a comunidade educativa as actividades realizadas no centro dende a biblioteca, elaboraranse textos informativos que irán acompañados de fotografías

- **Exposicións**

Celebración de varias exposicións anuais con material de interese para o alumnado, familias e veciños.

- **Outras actividades para o curso 2023-2024:**

- Ambientación e decorados: Durante este curso elaboraranse exposicións con novidades ou libros centrados nas diferentes celebracións na entrada da biblioteca, con carteis e decoracións varias.
- Realización do libro viaxeiro entre todos e todas.
- Sesións de contacontos a cargo de alumnos, mestres, escritores traballados previamente, ex-alumnos, familias... que poderán ser a través de videos ou presenciais.
- Concursos e certames literarios de animación á lectura e á escritura.
- Continuar coa sección de lectura: xuvenil-adulto.

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023-2024

XUSTIFICACIÓN

Este Plan Anual de Lectura é un documento para concretar os obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro durante o curso 2023-2024 así como para o logro dos ODS da Axenda 2030.

Así, é necesario que o alumnado sexa consciente da importancia dos libros como fonte de información pero sen deixar de valorar e disfrutar da lectura como actividade lúdica.

Polo tanto, debemos encamiñar as nosas actuacións á consecución dos obxectivos do Proxecto Lector de Centro, a saber:

OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR

Este Plan Anual de Lectura, pretende contribuir á adquisición dos obxectivos seguintes:

- Desenvolver as competencias lectoras entre os nenos e nenas.
- Fomentar a lecto-escritura en todos os niveis educativos como fonte de pracer, de información e aprendizaxe.
- Mellorar a competencia lectora dos alumnos e fomentar a utilización de estratexias variadas na busca e tratamento da información.
- Adquirir e consolidar o hábito de ler.
- Estimular a motivación e o gusto pola lectura.
- Xerar ambientes propicios á práctica lectora.
- Potenciar a autonomía do alumnado e a súa capacidade crítica, selectiva e comprensiva.
- Fomentar o uso da biblioteca como recurso, espazo de intercambio e interacción e elemento dinamizador do Proxecto Lector.
- Ler con asiduidade, desenvolvendo unha actitude positiva como fonte de disfrute no tempo de ocio.
- Utilizar a lectura como motivación para a creación de exposicións (orais, escritas e plásticas) o máis correctas posibles.

- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación como fonte de aprendizaxe, consulta e medio de expresión.
- Fomentar a participación do profesorado das diferentes áreas e etapas educativas na elaboración e desenvolvemento do Proxecto Lector.
- Integrar a biblioteca escolar na práctica docente diaria, converténdoa nun centro de actividades.
- Implicar ás familias no fomento dos hábitos lectores e escritores.
- Dinamizar as bibliotecas de aula.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

Neste apartado detállanse as liñas prioritarias de actuación que se pretenden levar a cabo ao longo do curso 2023-2024 na biblioteca do centro en relación coa organización, xestión, promoción de recursos, formación de usuarios, fomento da lectura, Biblioteca inclusiva...

1. Organización e xestión da biblioteca:

- Organizar o calendario de reunións do equipo da biblioteca.
- Elaborar un horario de horas de atención á biblioteca dos membros do equipo
- Elaborar un horario onde cada titor/titora escolla unha sesión na que poida acceder á biblioteca co alumnado.
- Coordinarse cos outros equipos (Dinamización Lingüística, Igualdade, Extraescolares, TICs...) nas actividades conxuntas.
- Manter actualizados os fondos da biblioteca e adquisición de títulos relacionados co proxecto anual
- Revisar os fondos e realizar os expurgos precisos (segundo as indicacións da Consellería).
- Formar ao alumnado de 5º e 6º interesado en exercer como axudantes da biblioteca.
- Elaborar os carnés de biblioteca do alumnado de nova incorporación.

2. Promoción de recursos.

- Promover a realización de proxectos de investigación nos que o alumnado precise a utilización da biblioteca.
- Facer exposicións de fondos en relación coas diferentes conmemoracións (Día das escritoras, Día das Bibliotecas, Día da Poesía, semana de Castelao, Mes da Ciencia, Semana de Rosalía, Día do libro, igualdade...)
- Confeccionar guías para as familias con recomendacións lectoras de cara ao Nadal, o verán...
- Empregar a web do centro no apartado da biblioteca, para informar das actividades que se realizan a través da biblioteca.
- Promover as recomendacións de libros entre o alumnado a través de carteis, vídeos, exposicións orais...
- Fomentar a realización de actividades de creación escrita: contos, poemas, receitas...

3. Formación de usuarios.

- Formar ao novo profesorado no uso da biblioteca: normas, catalogación e préstamos no Meiga...
- Promover que cada titora ou titor leve a cabo a formación de usuarios na súa aula e na propia biblioteca no horario que teña escollido facilitando ao alumnado coñecer as normas de funcionamento, diferenciar seccións e espazos, coñecer o sistema de clasificación, diferenciar as partes dun libro, desenvolver destrezas básicas de busca (orde alfabética, abreviaturas...)
- Formar ao novo alumnado voluntario implicándoo tamén na formación de usuarios.

4. Fomento da lectura

- Retomar o programa das mochilas viaxeiras.
- Celebrar o Día das Escritoras.
- Conmemorar o Día da Biblioteca.
- Celebrar o mes da Ciencia na Biblioteca Escolar.
- Preparar actividades para o Día da Poesía.
- Conmemorar o día do Libro e do Libro Infantil e Xuvenil.

- Conmemorar o día das Letras Galegas.
- Preparar actividades inclusivas e igualitarias
- Conmemorar a semana LGTBI
- Elaborar guías de recomendacións lectoras de cara ao Nadal e as vacacións do verán.
- Celebrar sesións de contacontos e encontros con autores e autoras.
- Propoñer a realización de clubs de lectura nos diferentes niveis.
- Promover a realización de sesións de contacontos entre alumnado de diferentes niveis.
- Revisar e actualizar o Proxecto Lector do centro.

5. Biblioteca inclusiva.

- Continuar ampliando os fondos relacionados coa atención á diversidade.
- Crear espazos na biblioteca que favorezan a inclusión.
- Continuar elaborando cartelería adaptada ás necesidades do alumnado.
- Crear mochilas viaxeiras que contén con recursos adaptados ás diferentes capacidades do alumnado.
- Ter en conta a diversidade existente entre o alumnado á hora de programar actividades.

6. Varios

- Manter informadas ás familias a través da páxina web
- Revisar e poñer de novo en funcionamento o blog da biblioteca enlazándoo á páxina web do centro.
- Procurarase a colaboración coa ANPA na realización das actividades que promovan animando ao alumnado a participar nas mesmas.
- Retomar a solicitude de incorporación ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

As bibliotecas de aula cobraron moita máis importancia dende a COVID, aumentando tanto o número de exemplares que se prestan ás aulas como o tempo de permanencia. Pero cada aula disporá dunha hora semanal fixa para asistir á biblioteca que estará marcada no horario colocado na entrada da mesma, aínda que poderá asistir en calquera outro momento que precise, sempre que estea dispoñible.

RECURSOS HUMANOS

Durante o curso escolar 2023-2024 o equipo de biblioteca estará formado polo seguinte profesorado.

María Gallardo Rey

María Aurora González Rodríguez

Raquel Figueira Noya

Laura Blanco Ares

Marta Larrán Costas

A coordinadora do equipo de Dinamización da Biblioteca será María Gallardo Rey e contará con 2 horas semanais exclusivas de dedicación á biblioteca. O resto dos membros do equipo dedicarán como mínimo, unha hora semanal á mesma. Procurarase que nalgunha desas horas coincidan dous compañeiros. As horas de garda restantes dos membros do equipo, en caso de non ter que realizar substitucións, tamén se adicarán, na medida do posible, a atención á biblioteca.

O equipo de Dinamización Lingüística tamén se implicará nas actividades de fomento da lectura.

O Departamento de Orientación apoiará para conseguir unha biblioteca máis inclusiva.

O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares implicarase na programación de actividades de fomento da lectura.

O equipo de TICs colaborará na creación de contidos que fomenten a lectura nos ordenadores e nas tablets.

Así, todo o profesorado colaborará nas tarefas da biblioteca.

Ademais do profesorado, contaremos cun grupo de alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria que colaborarán como axudantes favorecendo a apertura da mesma nos tempos de recreo.

ACTIVIDADES

- Préstamo de libros
- Mochilas viaxeiras
- Conto viaxeiro
- Proxecto sobre a Mitoloxía Galega (proxecto anual do centro)
- Hora de ler (adicaranse en cada aula, uns minutos diarios á lectura libre)
- Contacontos entre o alumnado
- Recitado de poesía
- Actividades referidas as distintas conmemoracións (día das escritoras, día das bibliotecas, mes da ciencia en Galego, día da Paz, semana de Castelao, Semana de Rosalía, Día da Poesía, Mes do libro, Letras Galegas...)

Consideracións ás actividades de fomento da lectura no curso 2023-2024:

Impulsarase o fomento da lectura especialmente dende tres lugares:

- A biblioteca do centro: A través das actividades propostas polo equipo, facendo da biblioteca un lugar de disfrute para o alumnado.
- A biblioteca da aula.
- A casa e as familias.

As actividades do ciclo anual e o centro de interese para este curso, deben ser tamén fonte de inspiración para as actividades relacionadas co plan lector. Para este fin, propóñense algunhas actividades como:

- Elaboración e lectura de textos teatrais na “Semana do teatro”
- Exposición de material creado a partir de diferentes contos.
- Elaboración dun conto entre os diferentes niveis

AVALIACIÓN

A avaliación realizarase trimestralmente, tanto a implicación do alumnado como o desenvolvemento das actividades propostas.

Utilizaranse varios indicadores e instrumentos para a avaliación:

- Participación do alumnado
- Implicación das familias
- Enquisas ao profesorado (nos claustros pediraselles que valoren os resultados)
- Enquisas ao alumnado.
- Enquisas ás familias sobre as iniciativas promovidas.
- Utilizaranse estratexias de control do proceso lector (velocidade, articulación, comprensión, entoación...)
- Valorarase o correcto uso dos materiais e o seu coidado.
- Valorarase o respecto dun clima lector axeitado.



PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2023-2024.

Ao igual que en anos anteriores neste curso 23/24 o centro educativo vai ser partícipe da convocatoria dos PFPPs destinados aos centros de ensino e que teñen como finalidade a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais docentes definidas no novo modelo de competencias, buscando sempre a mellora da calidade educativa. Esta formación adaptarase as necesidades educativas detectadas dentro do CEIP Ana María Diéguez.

Seguindo esta liña durante o presente curso, o PFPP dirixirase de cara á realización de dous seminarios. Un deles enmarcado dentro da liña que plantexa o Plan Dixital de Centro e que se centrará nas posibilidades pedagóxicas e didácticas da dotación de STEM no noso centro. Por medio del, buscarase dotar dunha maior competencia dixital tanto o alumnado coma o profesorado do centro coñecendo e explorando as posibilidades didácticas que nos ofrecen materiais tecnolóxicos como as tabletas e paneis interactivos presentes no colexio. Para isto buscarase que fundamentalmente o profesorado desenvolva habilidades técnicas na creación de contidos H5P e no manexo dos paneis interactivos.

O segundo destes seminarios vai fundamentarse no ensino da gramática a través do método sintaxe, tratando así, de implementar na aula novos métodos de ensino - aprendizaxe. Este método de carácter inclusivo, busca desenvolver a aprendizaxe gramatical dun xeito manipulativo a través do uso de pezas con formas diferentes e nas que cada unha delas ten un valor conceptual diferente.

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

C.E.I.P. ANA MARÍA DIÉGUEZ



CURSO 2023-2024

ÍNDICE**0. INTRODUCCIÓN****1. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E CONTEXTO ESCOLAR****2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN****3. OBXECTIVOS XERAIS****4. PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN (liñas prioritarias, actividades e temporalización)****5. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS****6. HORARIO SEMANAL DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN****7. AVALIACIÓN****8. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE****9. CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL****10. PROGRAMACIÓN DE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA****11. PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE****12. BIBLIOGRAFÍA**

12.1. Referencias lexislativas

12.2. Referencias bibliográficas

12.3. Webgrafía

0. INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia no curso actual; a orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece o organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) ca súa entrada en vigor o 19 de xaneiro do 2021, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación segundo calendario de implementación; demais textos legais referidos á orientación académica e profesional, así como os criterios e directrices da comisión de coordinación pedagóxica (CCP), a continuación preséntase o **Plan de Orientación Educativa elaborado polo Departamento de Orientación do C.E.I.P. Ana María Diéguez**, para o curso escolar **2023-2024**.

O presente Plan de Orientación segue a estrutura determinada no artigo 15 da Orde do 24 de xullo de 1998 para os Plans de Orientación, na que se establecen, como mínimos, os seguintes apartados:

- Xustificación contextualizada.
- Obxectivos.
- Planificación Xeral e definición de accións prioritarias.
- Estratexias de intervención.
- Criterios de avaliación do plan.

Así mesmo, incluímos neste documento tamén:

- Plan de Acción Titorial, como un elemento integrador da acción educativa dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, que serve de complemento ás actividades de orientación.

- A concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Programación de Pedagogía Terapéutica
- Programación de Audición e Linguaxe.

1. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E CONTEXTO ESCOLAR

O **C.E.I.P. Ana María Diéguez** atópase na parroquia de Asados, pertencente ao Concello de Rianxo, sito ao S. O. da provincia de A Coruña, na costa norte da ría de Arousa.

No que atinxe aos aspectos socioeconómicos o traballo que realiza a poboación oríentase ao sector primario, no que destacan a pesca de baixura, o cultivo do mexillón, agricultura e gandería. O segundo sector económico de importancia é o da construción e as industrias afíns, ornamentación, decoración, electricidade, fontanería, carpintería de aluminio,... Nun terceiro nivel destaca a confección téxtil.

O alumnado está distribuído en 9 grupos: 3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria coma se detalla a continuación:

ETAPA	NIVEL	Nº alumn@s	ANEAE con RE de P.T.	ANEAE con RE de A.L.	ANEAE AL+PT	Total en Seguimento D.O. con ou sen apoio específico
EDUCACIÓN INFANTIL	4º Nivel	11	-	-	-	-
	5º Nivel	18	-	-	3	3
	6º Nivel	11	-	-	-	-
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º Curso	10	-	2	-	2
	2º Curso	8	-	-	-	-
	3º Curso	24	4	-	5	9
	4º Curso	10	-	-	2	2
	5º Curso	13	3	-	2	5
	6º Curso	19	6	-	1	7
TOTAL	ALUMNADO	124	13	2	13	28

Tendo en conta a previsión final do curso anterior, comezamos o curso 2022-2023 con aproximadamente 28 alumnos e alumnas que necesitan diferentes tipos de apoio educativo específico entre P.T. e A.L., aínda que o número de alumnado que precisará apoio educativo é probable que varíe ao longo do curso.

A xornada escolar do centro é mixta, con horario de 9:00 a 14:45 horas os luns e martes e de 9:00 a 13:30 os mércores, xoves e venres. Este centro está adscrito ao I.E.S. Félix Muriel a efectos de acceso á ESO do alumnado que remata a Educación Primaria.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Durante o curso escolar 2023-2024 o Departamento de Orientación queda constituído conforme ao establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia (art. 4º) e a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) ,pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, co seguinte persoal docente:

- Xefa do Departamento: **Mª del Carmen Fernández Vidal**, compartida co C.E.P. Xosé Mª Brea Segade. (Luns e martes)
- Especialista en Pedagogía Terapéutica: **Laura Blanco Ares**.
- Especialista en Pedagogía Terapéutica : **Paula Pérez Zamora**, compartida co CEIP ADR Castelao. Ao noso centro virá os luns.
- Especialista en Audición e Linguaxe: **Marta Larrán Costas** , compartida co C.E.P. Xosé Mª Brea Segade. Ao noso centro virá os luns, mércores e xoves.

O Departamento reunirse semanalmente os luns a nivel interno sempre que sexa posible, quincenalmente, os luns de 16:00 a 17:00 cando sexa necesario e de forma extraordinaria cando se considere oportuno.



XUNTA DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA ANA MARÍA DIÉGUEZ

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

D.O. ☎ 881 86 71 76 (Luns e martes)

Atalaia s/n 15984 Asados (Rianxo)

Centro ☎ 881 86 71 75

ceip.anamaria.dieguez@edu.xunta.gal





CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O CURSO 2023-24

Reunidos o 11/09/2023 no C.E.I.P. ANA MARÍA DIÉGUEZ, o Departamento de Orientación para este curso queda constituído como se indica a continuación:

MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Laura Blanco Ares
MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Paula Pérez Zamora
MESTRA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE	Marta Larrán Costas
XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Mª del Carmen Fernández Vidal

En Asados a 11 de setembro do 2023

Asinado por:

(A Mestra: P.T.)	(A Mestra: P.T.)	(A Mestra: A.L.)	(A Xefa do Departamento de Orientación)
			
Laura Blanco Ares	Paula Pérez Zamora	Marta Larrán Costas	Mª del Carmen Fernández Vidal

3. OBXECTIVOS XERAIS

- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para promover oportunidades de aprendizaxe para todos e todas onde cada neno e nena teña a oportunidade de desenvolver ao máximo as súas capacidades.
- Procurar o desenvolvemento normalizado e integral dos alumnos con NEAE nos niveis psicolóxico, afectivo e instrutivo proporcionándolles un tratamento compensador que lles axude a superar as súas necesidades.
- Fomentar a coordinación e colaboración entre os integrantes da comunidade educativa: profesorado, pais/nais e alumnado.
- Fomentar a tolerancia, respecto, igualdade de oportunidades cara as persoas diferentes.
- Asesorar aos titores sobre distintas metodoloxías e recursos que favorecen a INTEGRACIÓN/INCLUSIÓN no centro das persoas con NEAE.
- Identificar as necesidades do centro relacionadas coas NEAE: en alumnos, recursos humanos e recursos materiais.
- Facilitar a integración e participación na actividade do centro do alumnado co NEAE.
- Asesorar e colaborar nos procesos de planificación educativa, elaboración de ACS, elaboración e adaptación do material didáctico.
- Potenciar a implantación de programas e actuacións que favorezan as relacións sociais e o clima de convivencia no centro educativo, implicando ás familias no seu desenvolvemento.
- Aceptar e respetar a diversidade tendo en conta que as diferenzas nos enriquecen e o respecto nos une.
- Dar continuidade ao blog de Orientación Educativa (creado no confinamento e con acceso a través da páxina do Centro departamentorientacion2.blogspot.com) ca publicación de novas de interese para toda a Comunidade Educativa.
- Animar e asesorar ao profesorado titor para traballar na aula: o respecto, concienciación e cumprimento a novas normas do Centro polo ben común, cohesión grupal, dotar de

habilidades sociais e emocionais dentro de cada grupo de convivencia que favoreza o clima de aula e a nova realidade na que nos atopamos.

Se ensinamos ao alumnado a aceptar a DIVERSIDADE como algo NORMAL, non será preciso falar de INCLUSIÓN senón de CONVIVENCIA.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998, que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares, regulan e dan coherencia á organización e funcións dos servizos de orientación na nosa comunidade.

De acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998 e ao abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, co propósito de garantir a unificación dos criterios que regulan o desenvolvemento das actuacións dos servizos de orientación nas ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral dita, a través da **Circular 10/2010** (sección cuarta), seguimos unhas **liñas prioritarias de actuación**:

- Integrar o plan de orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre o profesorado e o departamento.
- Intervir sen aplicación de medidas extraordinarias salvo en casos extremos, tomando como referencia o principio de normalización.
- Promover actuacións preventivas e recuperadoras se son precisas.
- Traballar en coordinación co equipo directivo.

A continuación presentamos as actividades e a temporalización en relación cos obxectivos específicos:

- **No referente ao centro** (Táboa I).
- **No referente ao profesorado** (Táboa II).
- **No referente ao alumnado** (Táboa III).
- **No referente ás familias** (Táboa IV)
- **No referente a outras institucións** (Táboa V)

TABOIA I - CENTRO			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Organizar o funcionamento do Departamento de Orientación.	-Organizar o espazo do D.O. - Elaborar os informes das becas para o alumnado NEAE -Comunicación cas familias do alumnado NEAE e envío de autorizacións para a intervención neste curso. -Elaboración horarios D.O. -Asistir ás reunións convocadas pola Xefa do Dpto. do I.E.S. ao que estamos adscritos. -Convocar e presidir as reunións ordinarias e extraordinarias do D.O. -Elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación e da concreción do PAT e do Plan Xeral de At. á Diversidade. - Elaboración da memoria de fin de curso.	-D.O.	Ata o 8/9/23 Ata o 27/9/23 Setembro Principios de outubro Setembro e revisable todo o curso. Todo o curso(1 por trimestre). Todo o curso. 1º trimestre. Final de curso.
-Valorar as necesidades de recursos específicos de Orientación.	-Valorar o orzamento para o D.O. e profesorado de apoio e mercar o material que se considere necesario. - Crear un inventario co material básico do D.O.	-D.O.	Todo o curso.
-Asesorar e ofrecer recursos para a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares.	- Seguimento dos pasos no proceso de toma de decisións co alumnado con NEAE. -Colaboración ca Dirección do centro(Xefatura Estudos) en canto á organización dos apoios do alumnado con NEAE. -Asesoramento na elaboración e revisión das AC e na elaboración de ser o caso de programas de enriquecemento curricular.	-D.O.	Todo o curso. (aconsellable no 1º Trimestre)
-Participar na recollida e actualización de datos sobre as medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro e dende a Administración Educativa.	-Colaboración cos/as titores/as e co profesorado de apoio na revisión dos expedientes académicos e valorar as medidas postas en marcha o curso anterior. - Cubrir o DRDadi e o DRDorienta.	-D.O. Orientadora	Todo o curso Inicio e final de curso.

TÁBOA II – PROFESORADO

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
<p>- Identificar as dificultades do alumnado con NEAE concretando pautas de intervención en colaboración, de ser preciso, cos equipos de orientación específicos (E.O.E.).</p>	<p>- Reunión inicial con novo profesorado e cos titores que cambien de grupo para informar do alumnado con NEAE e facilitar orientacións iniciais.</p> <p>-Colaborar co profesorado e cos equipos docentes na pronta detección de posibles necesidades para establecer unha resposta educativa axeitada.</p> <p>- Avaliación psicopedagóxica e intervención ao alumnado con NEAE, cando sexa preciso e posible.</p> <p>- Coordinación de titores e profesores de apoio na atención do alumnado con NEAE .</p> <p>- Deseño, xunto co E.O.E. e de ser o caso, de accións en relación ás necesidades específicas de apoio educativo.</p>	<p>Orientadora</p> <p>D.O./Titores /as</p>	<p>Setembro</p> <p>Todo o curso.</p>
<p>- Valorar e asesorar na atención á diversidade.</p>	<p>- Asesoramento a titores/as e mestres/as especialistas na realización e seguimento das medidas ordinarias e extraordinarias.</p>	<p>-D.O.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.</p>	<p>- Asesoramento e colaboración en programas para o alumnado, profesorado e/ou familias, facendo especial fincapé na prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.</p>	<p>-D.O.</p>	<p>Todo o curso.</p>
<p>- Asesorar ao equipo docente en cuestións relacionadas coa atención educativa.</p>	<p>- Asesoramento na elaboración de AC, promoción do alumnado, avaliacións, actividades de reforzo e recuperación,...</p>	<p>-D.O.</p>	<p>Todo o curso.</p>

TÁBOA III – ALUMNADO			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
- Potenciar a orientación educativa dende o punto de vista persoal, escolar e profesional.	- Asesoramento e observación directa e individual ou colectiva, cando sexa preciso. -Transición da etapa de primaria á de secundaria (información, visita o IES,...)	- D.O. / Titores/as	Todo o curso.
- Facer un seguimento do rendemento académico do alumnado.	- Detección de dificultades na aprendizaxe, en colaboración cos docentes.	- Titores/as /D.O.	Todo o curso.
- Adoptar medidas de Atención á diversidade ordinarias e extraordinarias.	- RE, apoio da PT e AL, aplicación de A.C., enriquecemento curricular, apertura de protocolos..., cando sexa preciso	- D.O. -Titores/as, especialistas. -Xefatura Estudos.	Todo o curso

TÁBOA IV- FAMILIAS			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
- Cooperar nas relacións Titores / Familias, cando o demanden ou se considere preciso.	- Entrevistas. - Postas en común e intercambio de opinións na toma de decisións.	Titores/as/ Familia /DO	Todo o curso.
- Informar e asesorar as familias na educación dos seus fillos/as, cando o soliciten ou se considere preciso.	- Pautas referidas a hábitos de estudo, hixiene, autoestima, convivencia, educación en valores... - Informar aos pais sobre resultados obtidos nas avaliacións psicopedagóxicas e medidas a levar a cabo.	- D.O./ Titores/as	Todo o curso.

- Promover a cooperación entre as familias e o centro para unha maior eficacia e coherencia na educación das alumnas e alumnos.	- Solicitar a participación das familias nas tarefas e actividades escolares cando sexa preciso.	- Titores/as e DO	Todo o curso.
---	--	-------------------	---------------

TÁBOA V – OUTRAS INSTITUCIÓNS			
OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	FUNCIÓN	TEMPOR.
-Establecer canles de comunicación cos distintos axentes sociais que teñen relación co centro.	- Reunións periódicas e establecemento de liñas de traballo conxunto cos distintos axentes sociais implicados na vida do centro a fin de establecer unha boa coordinación que redunde en beneficio do alumnado. - Establecemento de contactos con distintos profesionais externos ao centro, que inciden na atención ao alumnado con NEAE (E.O.E., servizos sociais do Concello, SERGAS...)	- D.O. / Titores/as - D.O. / (Titores/as)	Todo o curso

5. RECURSOS

5.1. Recursos humanos

- Profesorado Titor
- Mestres especialistas de Lingua estranxeira, Educación Musical, Educación Física e Relixión Católica.
- Os membros do Departamento de Orientación.

5.2. Recursos materiais

- Proxecto Educativo do Centro.
- Escalas de observación.
- Probas Psicopedagóxicas.
- Fichas Acumulativas.
- Expediente do alumno/a.
- Material escolar e de reforzo
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Documentos sobre lexislación educativa.
- Folletos informativos.

6. HORARIO SEMANAL DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Cómpre salientar que a Orientadora está compartida co C.E.P. Xosé M^a Brea Segade (Centro base). Os luns e martes acudirá ao C.E.I.P. Ana María Diéguez e mércores, xoves e venres ao C.E.P. Xosé María Brea Segade

Este horario será flexible en función das necesidades de cada Centro e alternará a tarde dos luns entre Centros para poder levar a cabo as reunións do Departamento de Orientación, asistir a claustros, reunións de avaliacións,... (Centro base o 1º e 3º luns do mes e ao outro centro o 2º e 4º)

7. AVALIACIÓN

A avaliación enténdese coma un proceso continuo que se levará a cabo ao longo de todas as etapas do programa, é dicir, ao inicio do proceso, durante e ao final do mesmo, permitindo así que se poidan facer as modificacións oportunas.

Os puntos básicos que avaliaremos son:

- O grado de consecución de cada un dos obxectivos previstos.
- En que medida se desenvolven as accións deseñadas.
- Implicación do centro no plan.
- Suficiencia e aproveitamento de recursos.


Para a realización da avaliación dos aspectos mencionados, empregaranse:

- A observación directa pola Xefa do Departamento de Orientación sobre o funcionamento diario do Centro.
- As anotacións realizadas pola Xefa do Departamento coa colaboración do profesorado de apoio (PT e AL).
- O intercambio de impresións dos membros do D.O., e sobre todo os intercambios de información e impresións entre os profesionais directamente implicados nese momento (titor/a, profesorado especialista de apoio, outros profesores, familias...).

A avaliación formativa levarase a cabo ao longo do curso nas reunións previstas nos calendarios pertinentes, onde se deberán adoptar as medidas correctoras que sexan necesarias.

Ao remate do curso farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos e se a temporalización foi axeitada. Dos datos que se obteñan extraeranse conclusións para a memoria, e esta servirá de punto de partida para a elaboración do plan do vindeiro curso.

En Asados a 25 de setembro de 2023


Asdo.: **Mª del Carmen Fernández Vidal**
(Xefa do Departamento de Orientación)

8. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Partindo de que cada alumno e alumna son distintos e singulares, cómpre diferenciar, polo menos, dous tipos de atención:

► **ATENCIÓN EN XERAL ATENDENDO Á SINGULARIDADE**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, levando a cabo unha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnos/as que requiran exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros que necesitarán estar nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as aos que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc. En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, no empeño de que cada quen vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme as súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións, é necesario que o titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado que imparte docencia ao seu grupo-clase; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe; que reflexione sobre a metodoloxía máis axeitada para cada neno/a respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento ao Departamento de Orientación, etc.

► **ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (NEAE).**

Enténdese por NEAE aquel alumnado que requira unha atención diferente á común, por presentar, TDAH, necesidades educativas especiais, dificultades específicas da aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións asociadas a historia persoal e escolar ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, que pola súa especificidade supoñan a existencia de diferenzas significativas no acceso ao currículo ordinario, e, polo tanto, requiran apoios e atención educativas específicas.

MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo a **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente o **Capítulo II: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo** e o **Capítulo IV: Identificación e procedemento de elaboración e aplicación de determinadas medidas educativas de atención á diversidade. O plan xeral de atención á diversidade.**

Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

Tendo en conta as características do noso centro sinalamos as seguintes medidas que se poden adoptar dende o mesmo:

4.1. Ordinarias.

Medida	Profesionais implicados
1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Dirección: Distribución das aulas e espazos tendo en conta o alumnado non NEAE. Mestres/as. Organizar a aula en función das necesidades do alumnado, principalmente, o que presenta NEAE.
2. Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.	Mestres/as.
3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.	Mestres/as. Colaboración do Departamento de Orientación.
4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.	Mestres/as.

5. Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.	Toda a comunidade educativa.
6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.	Mestres/as. Mestres/as con dispoñibilidade horaria. Colaborarán co titor/a nas áreas instrumentais.
7. Programas de enriquecemento curricular.	Mestras/es. Colaboración do Departamento de Orientación.
8. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.	Mestres/as, P.T., A.L., mestres/as con dispoñibilidade horaria. Deben colaborar para establecer os obxectivos a alcanzar. Orientadora. Asesoramento.
9. Programas de recuperación.	Mestres/as, P.T. e A.L., segundo necesidades.
10. Programas específicos personalizados.	Mestres/as, P.T., A.L.. A persoa que realice un programa personalizado deberá redactalo.
11. Programas de habilidades sociais.	Mestres/as. Orientadora.
12. Desdoblamento de grupos.	Mestres/as con dispoñibilidade horaria.

4.2. Medidas extraordinarias:

Medida	Profesionais implicados
1. Adaptacións curriculares	Titor/a e mestres das áreas nas que se vai realizar a AC. Elaboran a AC. Mestras de P.T. e A.L. Colaboración co titor/a na elaboración da AC.

	Orientadora. Creación de informe psicopedagógico e asesoramento. Xefa de estudos. Convoca a reunión.
2. Flexibilización da duración do período de escolarización.	Titor/a. Decidirá sobre a flexibilización. Orientadora e demais mestres que imparten docencia emitirán a súa opinión.
3. Agrupamentos flexibles	PT e/ou AL
4. Apoio do especialista de P.T. e/ou A.L.	Especialista de P.T. e/ou A.L.

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS ORDINARIAS

A aplicación das medidas ordinarias non necesitará de autorización para levalas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

- Estarán dirixidas a aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescriptivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
- Serán planificadas e impartidas polo mestre/a que imparte a área ou materia na que o alumnado as necesita no contexto escolar ordinario, coa colaboración, se é necesaria, do profesorado con dispoñibilidade horaria, e co coñecemento do titor ou titora quen llo comunicará ao equipo directivo e á familia do alumno/a.
- Si é precisa a colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria no centro, a principios de curso celebrarase unha reunión entre a xefatura de estudos e a xefatura do departamento de orientación na cal se fará unha valoración inicial da situación e se determinaran as horas de apoio que pode recibir cada curso. Así, concretaranse a relación de mestres/as con dispoñibilidade horaria e o número de horas das que dispoñen, o número de alumnos/as e o tipo de necesidades que manifestan así como o curso ao que pertencen. A xefatura de estudos de acordo coa xefatura do departamento de Orientación distribuirá ao profesorado de apoio nas clases que o precisen unha vez que o departamento de orientación xa teña marcados os apoios dos especialistas en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Quedarán reflectidas no expediente do alumnado.

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Para a aplicación das medidas extraordinarias de atención á diversidade propostas teranse en conta os criterios que a continuación se expoñen:

- Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.
- Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, previo informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación (informe de avaliación psicopedagóxica do orientador/a do centro educativo, informe do Equipo de Orientación Específico ou ditame de escolarización) que debe recoller a conveniencia de levar a cabo ditas medidas. Se non existe ningún dos citados documentos (alumnado que se escolariza por primeira vez ou alumnado que ata ese momento recibiu medidas ordinarias que resultaron insuficientes) e se presupón a necesidade de recorrer á medidas extraordinarias de atención á diversidade, deberá solicitarse a realización dunha avaliación psicopedagóxica á Xefatura do Departamento de Orientación. Esta solicitude poderá proceder dos titores/as e especialistas, dos pais ou titores legais do alumnado ou do equipo directivo do centro. Para solicitar a avaliación hai que cubrir o máis detalladamente posible un documento ou cuestionario sobre o alumno que se lle pedirá á orientadora.
- Quedarán reflectidas no expediente do alumnado.

CRITERIOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO AO ALUMNADO POR PARTE DO MESTRE ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E DO MESTRE ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE

Este plan vai dirixido á totalidade do alumnado do centro, pero as medidas extraordinarias están dirixidas aos alumnos/as que presentan NEAE, na seguinte orde:

1. Alumnado que presenta necesidades educativas especiais, é dicir, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

2. Alumnos/as que presenten dificultades específicas de aprendizaxe que require modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias e que precisa da utilización de recursos moi específicos ou excepcionais, así como aquel que ten necesidades que non poden ser atendidas coas medidas de atención á diversidade ordinarias. Inclúese neste apartado o alumnado con TDAH que precise de apoios extraordinarios.
3. Alumnado de integración tardía no sistema educativo que descoñeza as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma e/ou presente desfase curricular significativo e/ou graves dificultades de adaptación.
4. Alumnado que presente unha situación de desvantaxe social, familiar e/ou cultural provocándolle un irregular proceso de ensinanza aprendizaxe coa existencia de diferenzas significativas no acceso ao currículo ordinario.
5. Alumnado con alta capacitación intelectual.
6. Alumnado que non promocióne, é dicir, que permaneza un ano máis no nivel, ciclo ou etapa, cando fosen esgotadas ou resulten insuficientes as medidas ordinarias. Así como aquel que promocióne con algunha área suspensa e precise de apoios extraordinarios.

9. CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial (PAT) destaca, principalmente, as tarefas de orientador e apoio ao alumnado tanto de forma individual como grupal, da figura do profesor-titor. O PAT do *C.E.I.P. Ana María Diéguez* proporciona as actuacións específicas para lograr o bo funcionamento das titorías indicando os obxectivos das mesmas e os axentes (docentes, alumnado, profesorado, nais/pais) implicados en cada unha delas.

No decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e primaria, establécense as funcións titoriais (Art. 81º).

DESIGNACIÓN DOS/DAS TITORES/AS:

- Durante este curso escolar 2023-2024 os titores/as son:

EDUCACIÓN INFANTIL

- 4º: Hermo Novo, Rosa María
- 5º: Egan Rodríguez, Melany Soledad
- 6º: González Rodríguez, María Aurora

EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1º : Vicente Somoza, Paula Paula
- 2º: Alcalde Ordóñez, Silvia
- 3º: Figueira Noya, Raquel
- 4º: Gallardo Rey, María
- 5º: Triñanes Sánchez, Santiago
- 6º: Rodríguez Rial, José

OBXECTIVOS

Co Plan de Acción Titorial preténdense levar a cabo os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS e AXENTES
A NIVEL DE CENTRO	
Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.	Creando a programación de aula e programas educativos para o alumnado con NEAE. (Docentes, P.T. e A.L.)
Fomentar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.	A través de proxectos de centro. Toda a comunidade educativa (docentes, alumnado e familia)
A NIVEL DE ALUMNADO	
Contribuír á personalización dos procesos de ensino- aprendizaxe (medidas de atención á diversidade).	Coñecendo ao alumnado a través de revisión de expedientes, avaliación inicial,... Docentes e D.O.

Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.	Realizando actividades grupais, de cohesión social, habilidades sociais... (Docentes e, de ser necesario, D.O.)
Efectuar un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo e realizar os apoios e/ou actividades axeitadas.	Docentes: a través de rexistros de aula, probas,...
Potenciar a orientación educativa, sobre todo, no terceiro ciclo de educación primaria.	Saída ao Instituto e charlas ou entrega de documentación. (Docentes e D.O.)
Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.	Nos traballos de aula. (Docentes)
Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de estudo e estratexias de aprendizaxe, encadradas no propio currículo.	Débense realizar actividades de aula encamiñadas ao logro deste obxectivo. (Docentes e colaboración do D.O.)
Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con N.E.A.E. concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.	A través da observación e rexistro dos docentes e a observación e informe psicopedagóxico, de ser necesario, da orientadora.
Fomentar, no alumnado, as actitudes cooperativas no centro e no seu entorno sociocultural.	A través de actividades complementarias e promovendo as actividades extraescolares. (Docentes e comunidade educativa).
A NIVEL DE PROFESORADO	
Coordínase profesor-titor, profesorado de apoio de alumnos/as con N.E.A.E. e a orientadora, de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.	Titor/a, D.O., mestres con dispoñibilidade horaria.

Participar no proceso de avaliación formativa de cada grupo e informar ás familias e ao alumnado.	Participará todo o profesorado que imparta docencia no grupo. A información transmítea o titor/a, a través dos boletíns, reunións, ...
Planificar, desenvolver e avaliar o propio traballo.	Cada docente.
A NIVEL DE FAMILIA	
Establecer contactos coas familias de forma individual ou colectiva coa fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.	A través de reunións, notas informativas, ... Docentes e D.O.
Informar e asesorar ás familias do alumnado con N.E.A.E.	Docentes e D.O.
Fomentar a participación dos pais nas actividades do centro.	Creando actividades nas que poidan participar as familias. Docentes e D.O.
Asesorar ás familias nos conflitos e situacións problemáticas que se poidan presentar.	Realizando reunións e entregándolles pautas de actuación. Docentes e D.O.
Solicitar a colaboración das nais e pais nas actividades de reforzo e apoio escolar, que, no seu caso, sexan necesarias para os seus fillos e/ou fillas.	O/a titor/a realizará reunións individuais para explicar os obxectivos a alcanzar e como poden axudar dende o fogar. O D.O. colaborará co/a titor/a.

METODOLOXÍA: A principal estratexia a seguir polo/a titor/a é a de actuar como facilitador: respecto ós pais, comunicación co centro, cos alumnos, cos procesos de aprendizaxe previstos, co equipo docente, ... O/A titor/a debe ser o coordinador propiciando un traballo cooperativo no desenvolvemento deste Plan de Acción Titorial.

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de tódolos/as implicados/as no mesmo. Para este fin realizaranse as reunións oportunas entre os diferentes axentes da comunidade educativa.

10. PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: Curso 2023-2024**INTRODUCCIÓN**

No presente documento preséntanse aqueles aspectos relacionados coa programación que a mestra de Pedagogía Terapéutica levará a cabo durante o curso 2023/2024.

Reflictense as estratexias a seguir, a metodoloxía, a temporalización, os obxectivos, a organización da resposta educativa . Ademais expóñense as actuacións a realizar co alumnado que serán deseñadas sempre a partires dos principios de normalización e inclusión tal e como se recolle na normativa vixente .

ACTUACIÓN DAS MESTRAS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Tendo en conta, entre outras, por un lado a circular 10/2010 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais polas que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia e seguindo o art. 84 do D.374/96 polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación infantil e dos colexios de Educación Primaria, as funcións da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica son as seguintes:

a) Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.

b) Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais.

c) Orientar ao profesorado que imparta docencia aos alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e aos pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.

d) Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.

e) Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Dentro dos obxectivos da nosa actuación destaca a procura do desenvolvemento das capacidades cognitivas, motrices, comunicativas, emocionais e de inserción social do alumnado de educación primaria, constitúe o obxectivo fundamental da nosa actuación.

Aínda que, segundo as características específicas do alumnado que reciba o apoio, distinguiranse distintos tipos de actuacións -tanto con carácter pedagógico, curricular e organizativo, como relativas á utilización dos recursos específicos-, estas actuacións en todo caso estarán destinadas a:

- Fomentar a autoestima positiva do alumnado.
- Mellorar as estratexias de procesamento da información.
- Axudar a desenvolver as competencias básicas.
- Mellorar, en xeral, o rendemento escolar.

ACCIONES PRIORITARIAS

En función da análise das necesidades do centro establécense para este curso escolar 2023-2024 as seguintes liñas prioritarias de actuación:

- Prevención, detección e diagnose, do xeito máis temperá posible das NEE.
- Participación co Departamento de Orientación, no relativo ás medidas de atención á diversidade.
- Deseño, desenvolvemento e avaliación de propostas específicas de intervención así como a realización dos informes, valoracións e melloras en cada un dos casos.
- Desenvolver actuacións que promovan a participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos.
- Respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa.

OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER

-Identificar as necesidades específicas de apoio educativo e adoptar as oportunas medidas de atención á diversidade.

- Intervir directamente cos alumnos na forma en que se determine.
- Observar o progreso do alumno e avalialo en colaboración co profesorado.
- Resposta ao alumnado de acordo coa programación inicial recollida no programa de intervención de cada alumno.
- Revisión continua e valoración trimestral dos programas de intervención para o seu seguimento.
- Colaboración na avaliación psicopedagóxica e na elaboración das ACS.
- Coordinación cos titores de alumnos que reciben apoio por parte da mestra de PT.
- Elaboración da documentación, indicacións pedagóxicas e deseño de materiais, para o apoio lector dalgúns alumnos por parte dos titores.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS CO ALUMNADO.

- Adquirir a axeitada autonomía persoal, capacidade de autocontrol e autoestima.
- Mellorar as habilidades comunicativas lingüísticas e non lingüísticas tanto a nivel expresivo coma comprensivo.
- Mellorar o desenvolvemento dos procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria.
- Adquirir habilidades sociais e de interacción.
- Mellorar a competencia lectoescritora a todos os niveis.
- Favorecer o desenvolvemento de aspectos psicomotrices.
- Mellorar o dominio das operacións aritméticas así coma a mellora na resolución de problemas, adquirindo unha capacidade cada vez maior de razoamento lóxico. Reforzar tamén o coñecemento dos aspectos topolóxicos e xeométricos da vida cotiá.
- Comprender feitos e fenómenos do contorno natural e social máis próximo.
- Facilitar a integración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo no seu grupo-clase e na dinámica do centro así como favorecer a súa axeitada integración a nivel académico, persoal e social.
- Facilitar o uso das ferramentas informáticas e tecnolóxicas para mellorar a comprensión dos contidos.
- Fomentar a motivación cara ao traballo escolar.

CONTIDOS

O traballo con estes alumnos englobase nas seguintes áreas:

A) Reforzo e apoio das Adaptacións curriculares de Lengua/Lingua e de Matemáticas.

Área de Linguaxe

- Adquirir/mellorar as aprendizaxes de lecto-escritura.
- Mellorar a comprensión lectora. Potenciar a competencia lectora e desenvolvemento do hábito lector.
- Axudar aos alumnos a descubrir e tomar conciencia do valor e do pracer da lectura.
- Empregar a lingua eficazmente para redactar textos propios sinxelos.
- Comprensión e composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumno.
- Lectura en clase de contos adecuados á súa idade e capacidade.
- Mellorar a caligrafía e ortografía.
- Ampliar o vocabulario básico.

Área de Matemáticas

- Traballar a numeración e as operacións básicas.
- Realizar problemas sinxelos.
- Realizar operacións sinxelas de cálculo mental.
- Diferenciar e utilizar as unidades principais do sistema métrico decimal.
- Coñecer e diferenciar as unidades de tempo e a monetaria.

Razoamento lóxico-básico

O Razoamento é unha das operacións mentais máis básicas que intervén en case todas as operacións mentais. Pódese definir como a aptitude para descubrir regras ou principios, que en esencia consiste en encontrar series estables de relacións. No razoamento lóxico, sobre todo o indutivo, que é o máis importante no desenvolvemento axeitado do neno, precísase: primeiro, observar para encontrar semellanzas e diferenzas na realidade observada; segundo, clasificar en torno a esas semellanzas e diferenzas encontradas; terceiro,

establecer hipóteses para conceptualizala; cuarto, seriar, ordenar ou relacionar os datos da observación.

Alteracións da lecto-escritura

- Intentar conseguir un suficiente dominio lecto-escritor que lle capacite para un normal desenvolvemento no resto das aprendizaxes escolares, procurando eliminar ou paliar as secuelas de problemas lecto-escritores nos alumnos con deficiencias ou retrasos de aprendizaxe nesta área.

- Perfeccionar as aptitudes lecto-escritoras superando as dificultades propias dos niveis anteriores.

Orientación espacial

Considérase importante mellorar as habilidades espaciais, pois facilitan moitos procesos de aprendizaxe. A psicoloxía evolutiva demostrou que os conceptos de espazo e tempo non son innatos, senón que se elaboran e estruturan a través das experiencias activas dos suxeitos.

Atención selectiva. Percepción e memoria visual

Estas habilidades e aptitudes están na base de calquera aprendizaxe e, a miúdo, presentan dificultades nestes alumnos. O interese non é transmitir contidos e coñecementos escolares, senón procurar a adquisición e potenciación dos mecanismos, automatismos e destrezas fundamentais sen as cales é difícil conseguir un axeitado rendemento escolar. Traballar entendendo o proceso de aprendizaxe e maduración cognitiva como un continuo que indefinidamente pode mellorar e progresar. Para iso, irase aumentando levemente a complexidade dos exercicios (tendo en conta sempre as características psicolóxicas).

Traballando todos estes aspectos preténdese:

- Maior autoestima nas tarefas escolares incorporando autocontrol ao seu traballo e conducta.

- Incrementar a atención e concentración nas súas tarefas.

- Sentirse reforzado e aceptado nos seus logros dentro e fóra da aula.

- Mellorar a memoria inmediata e a longo prazo.

- Desenvolver a súa capacidade lingüística: reforzar os aspectos máis funcionais de tipo expresivo-comprensivo (vocabulario, expresión clara e ordenada de ideas, razoamento, comprensión e xuízo práctico en situacións sociais).

- Aumentar o grado de estruturación nos seus relatos escritos.
- Mellorar as súas habilidades de cálculo e resolución de problemas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a levar a cabo atenderá ó estilo de aprendizaxe de cada alumno e ás súas necesidades, así como ó tipo de reforzo educativo que reciba o alumno/a, dentro ou fóra da aula. Está estará desenvolvida nos plans de intervención individualizados ou futuras ACS.

De tódolos xeitos perseguirase a maior inclusión do alumnado na actividade do centro, así como o desenvolvemento, dentro das posibilidades de cada alumno, das Competencias establecidas polo currículo de referencia.

Ademais de seguir as orientacións didácticas e principios de intervención educativa coma son: principio de individualización, socialización, principio de actividade, aprendizaxes significativas, funcionais, construtivas, aprendizaxe por descubrimento, etc., destacamos tamén outros principios comúns a todos os alumnos pero especialmente axeitados para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo:

- Favorecer a interacción e comunicación profesor-alumno-alumno.
- Facilitar a incorporación dos profesores de apoio á dinámica da aula.
- Partir dos intereses e motivacións do alumnado.
- É axeitado a presentación do material a través de diferentes canles sensoriais.
- Débense utilizar técnicas de aprendizaxe e modificación de conduta como: aprendizaxe sen erro (para evitar negativismo e frustración), encadeamento cara diante e atrás, esvaecemento de axuda, reforzo positivo (reforzando os logros pero tamén os intentos), economía de fichas,...
- Realizar actividades ben planificadas e secuenciadas en pequenos pasos.
- Reducir o nivel de abstracción das actividades ao nivel cognitivo do alumno (adaptación de textos, representacións gráficas, material manipulativo,...).

RECURSOS

Recursos Humanos : O CEIP Ana María Diéguez conta con dúas mestras de Pedagogía Terapéutica: unha mestra con destino definitivo a tempo completo e unha

mestra con destino definitivo no CEIP Castelao (Rianxo) e praza itinerante, que acode ao noso centro os luns. O noso traballo basearase nunha colaboración e coordinación continua con:

-A orientadora do centro.

-Os profesores das distintas materias e profesores-titores: o intercambio de información será continuo ao longo do curso co fin de valorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades.

-A familia: realizaranse entrevistas sempre que sexan necesarias xunto co titor ou co seu coñecemento.

- Profesionais doutros organismos ou institucións.

Recursos Materiais : serán elixidos en función das necesidades que presenta cada alumno/a e dos obxectivos que se pretenden acadar. Considérase fundamental que a través deles se consiga a participación activa dos/as nenos/as e a motivación necesaria para levar a cabo con éxito o plan de intervención.

A aula de apoio dispoñen de materiais que reúnen estas características, entre os que destacan diversos materiais que seguen as metodoloxías Teacch e Montessori, tangrams, puzzles, quebracabezas, construcións con guía, xogos de memoria... pero se fora preciso tamén se adaptarían, elaboraríanse e/ou conseguiríanse outros para traballar aqueles aspectos máis específicos que puideran xurdir en cada caso. Ademais será elaborado constantemente ao longo do curso, novo material curricular adaptado para aqueles alumnos que cursan con AC.

Recursos Organizativos: Establécese a principio de curso a organización das aulas de apoio, unha delas é a aula de Relixión que se emprega como aula de PT os mércores debido a que a mestra de Relixión está no centro os martes e xoves. Tamén se establece a organización dos grupos de alumnos con NEE así como as horas que estes recibirían apoio por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica. Tamén se confeccionan os horarios dos mestres de PT.

TEMPORALIZACIÓN

A implementación deste plan de apoio está prevista para un período de duración dun curso escolar.

Indicar primeiramente que tal e como se recolle na **Orde do 8 de setembro de 2001** as intervencións por parte da mestra de PT foron propostas e deseñadas polo

D.O. do que forma parte. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula ordinaria, só se levan a cabo fóra en casos excepcionais e debidamente xustificados por un tempo que nunca excede a un tercio da xornada escolar.

O apoio impartirase fundamentalmente coincidindo coas áreas de Lingua e Literatura Española, Lingua e Literatura Galega e Matemáticas. Con menos significatividade nas áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

Ao longo do curso será preciso adaptar os horarios debido a necesidade de dispor agrupamentos diferentes os que se estableceron ó principio do curso, así como por acomodación ó horario do grupo, evolución das necesidades, detección de novo alumnado, etc... Este aspecto poderá modificar o número de horas impartidas a cada alumno.

En canto aos criterios á hora de priorizar os apoios sinalar que se tiveron en conta os seguintes:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado que sexa obxecto dunha AC.
3. Continuarase cos apoios realizados o curso anterior.
4. Buscarase un apoio de melloras cualitativas fronte a un de cantidade.

En canto ao traballo específico da mestra de PT e tendo en conta a Orde do Calendario Escolar:

-Setembro e outubro: Realizaranse as avaliacións iniciais, os programas de intervención, desenvolverase a programación e fixaranse os horarios.

-Do mes de outubro ao mes de maio: Desenvolverase a programación realizando as intervencións co alumnado, levando a cabo unha avaliación continua e modificando aqueles aspectos da programación que se consideren necesarios.

-Mes de xuño: Realizaranse os informes finais do alumnado que quedarán a disposición do D.O. e das familias. Tamén se elaborará a memoria final.

AVALIACIÓN

Para o deseño dos programas de intervención individuais será precisa unha avaliación inicial.

O seguimento da evolución do alumnado realizarase seguindo os

procedementos e instrumentos de avaliación máis habituais: observación directa, seguimento diario, follas de rexistro, entrevistas, probas estandarizadas...

Realizarase un informe de avaliación individualizado de cada alumno/a ó final do curso ao finalizar cada trimestre. Ademais, ao remate do curso entregarase un informe para as familias.

A avaliación é unha actividade que forma parte do proceso educativo guiándoo e reconducíndoo. Na actualidade non só se fala da avaliación do alumno/a, senón da avaliación de todos os elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En canto a avaliación do alumno realizarémola para coñecer o grao de adquisición dos obxectivos propostos.

A avaliación dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polo establecido con carácter xeral para todos os alumnos/as na Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11/02/22).

Os alumnos que cursen con AC, serán avaliados en función dos criterios de avaliación establecidos nas mesmas.

Xa centrándonos na avaliación do propio plan de apoio sinalar que se levará a cabo en tres momentos constituíndo un proceso continuado, nin puntual nin illado. Realizarase unha avaliación inicial para coñecer e delimitar as necesidades existentes. Durante todo o proceso avaliaranse os progresos e as dificultades e introduciranse os reaxustes necesarios, determinando finalmente o grao de consecución dos obxectivos propostos tamén a operatividade da liña metodolóxica e o realismo da temporalización.

Asdo: **Laura Blanco Ares**

Asdo: **Paula Pérez Zamora**

(Mestras de Pedagogía Terapéutica)

11. PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE: CURSO 2023-2024**INTRODUCCIÓN**

No Curso 2023/24 a mestra de audición e linguaxe asiste ó C.E.I.P. Ana María Diéguez tres días, sendo seu centro base. Tamén itinera dous días ao C.E.P. Xosé María Brea Segade, en Rianxo (A Coruña).

A especialidade de Audición e Linguaxe responde á unha necesidade de atención e resposta educativa na comunidade escolar en relación á prevención, detección e tratamento das dificultades na linguaxe. Para que dita actividade acade unha efectividade óptima é imprescindible ter en conta as diferenzas individuais de cada alumn@, así como o entorno sociolingüístico que determina as características propias no emprego da linguaxe; a coordinación e o contacto cos diferentes membros que participan nesta labor tanto a nivel escolar como familiar e a elaboración e deseño de programas específicos de intervención adaptados a cada realidade en particular.

Segundo o artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a intervención profesional do profesorado especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

OBXECTIVOS XERAIS**En relación á identificación das necesidades educativas do alumno:**

- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa do departamento de orientación.

- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Co profesor/a –titor/a :

- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

Co alumn@:

- Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

O Departamento de Orientación:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

CARACTERÍSTICAS DA INTERVENCIÓN

- Integrada no marco da proposta curricular do Centro.
- Intentará favorecer unha maduración e desenvolvemento axeitado, o máis aproximado posible ós parámetros naturais da evolución da linguaxe.
- Axustarase a intervención á realidade cotiá do Centro e o entorno no que se desenrola a actividade escolar.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN

. O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

CONTIDOS

. Os contidos a traballar inicialmente con cada alumno ou alumna variarán en función das súas necesidades e da avaliación inicial que se leve a cabo. Todo isto verase reflectido en cada un dos Programas de Intervención que se elaborarán para dar a resposta mais axeitada a cada caso.

METODOLOXÍA

. É importante establecer unha relación positiva cos nen@s, estruturalle o entorno. Hai que tamén adaptarlle as actividades, utilizar técnicas de moldeamento, reforzos positivos, role-playing, utilizar o apoio conductual positivo.

TEMPORALIZACIÓN

. Permanezo no Centro os luns, mércores e venres.

. As sesións son distribuídas ao alumnado segundo as necesidades e prioridades, seguindo as indicacións da Orientadora do Centro.

AVALIACIÓN

.Terá un carácter continuo (inicial, procesual e sumativo) ademais de formativo.

. Será variada e centrándose nos aspectos positivos, tendo en conta os centros de interese dos nen@s.

COMPETENCIAS CLAVE

Para lograr que os alumn@s alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional é necesaria a adquisición das competencias básicas, polo tanto os

obxectivos das programacións axudarannos para que os alumnos alcancen estas competencias.

Competencia en comunicación lingüística: Refírese á habilidade para empregar a lingua, expresar ideas e comunicarse con outras persoas de xeito oral ou escrito.

Competencia dixital: Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

Aprender a aprender: É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou traballo cooperativo para conseguir un obxectivo.

Competencia persoal e social: Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de forma activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

Conciencia e expresións culturais: Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

RECURSOS

Material para traballar en xeral a linguaxe e a comunicación: Libro Cicerón: programa para o desenvolvemento e mellora da capacidade articularia (Ed. CEPE). Material “Aprendo a hablar”. Libro En la Mente I e II de Monfort. Libro Komunica.

TICS: Ordenador da aula. Cds de Pipo e Caillou relacionados coa linguaxe. Tablet propia do mestre. O Araword. O Pictotraductor online.

Material para a lectoescritura: Libros Dislexia I e II.

Material para a discriminación auditiva: o MIL, lotos, grabacións de sons ambientais e cotiás, diferentes exercicios de asociar imaxen-palabra- son.

Recursos externos ó Centro: Colaboración, asesoramento e coordinación con Entidades colaboradoras coa Xunta de Galicia.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

- . LO 3/2020 do 29 de decembro LOMLOE.
- . Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo de educación Infantil na CCAA de Galicia.
- . Orde do 30 de Maio de 2023 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na CCAA de Galicia.
- . Decreto 155/2022, do 15 de setembro, Currículum Ed. Primaria en CCAA Galicia.
- . Orde do 25 de xaneiro de 2022 que regula a Avaliación en Educación Primaria.
- . D 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- . Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- . Protocolos da Xunta de Galicia.

Asdo:

A mestra especialista en audición e linguaxe: **Marta Larrán Costas.**

12. BIBLIOGRAFÍA

12.1 REFERENCIAS LEXISLATIVAS:

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- **Lei Orgánica 3/2020** do 29 de decembro LOMLOE, de modificación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE do 29 de decembro).
- Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro)
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11/02/22).
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia regulou aspectos referidos á avaliación e á promoción do alumnado de educación primaria, segundo os principios establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro. (Derrogados os artigos 2, 3 e 6)

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 02/09/97).
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (DOG de 6 de Agosto de 1996)
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 27 de Abril de 1998)
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG de 31 de outubro de 1998)
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 29 de febreiro de 2000)
- Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para Coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

12.2.REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- AA.VV. (2004): “Diccionario enciclopédico de didáctica”. Málaga. Aljibe.
- Aguado, G. (1999): “Trastorno Específico del Lenguaje. Retraso del Lenguaje y disfasia”. Málaga. Aljibe.

- Ainscow, G. (1995): "Necesidades especiales en el aula: Guía para el profesorado". Madrid. UNESCO-Narcea.
- Chevrie-Muller, C e Narbona, J. (1997): El lenguaje del niño. Desarrollo normal, evaluación y trastornos". Barcelona. Masson.
- Francisco Salvador (coord.) (2001): "Enciclopedia psicopedagógica de necesidades educativas especiales". Málaga. Aljibe.
- Gallardo, J.R. e Gallego, J.L. (2003): "Manual de logopedia escolar. Un enfoque práctico". Málaga. Aljibe.
- Jiménez Torres, M. e López Sánchez, M. (coord.) (2003): "Deficiencia auditiva. Evaluación, intervención y recursos psicopedagógicos". Madrid. CEPE.
- Muntaner, Joan (2001): "A figura do profesor de apoio no proceso de atención á diversidade" en Revista Galega do ensino núm. 32.
- Parrilla Latas, Ángeles (2001): "O longo camiño cara a inclusión" en Revista Galega de ensino núm. 32.
- Peña-Casanova, J. (2001): Manual de logopedia. Barcelona. Masson.
- Soriano, V. (Editora) (2007): "Jóvenes Voces: Encuentro sobre Diversidad y Educación. Tratado de Lisboa." Dinamarca. European Agency for Development in Special Needs Education.
- Tamarit, J. e Arbea, L. (2003): "De la capacitación a la autorrealización: Hacia una nueva conciencia profesional". Pamplona. Congreso de Educación Especial. CREENA.
- Torres Monreal, S. E cols. (2000): "Deficiencia Auditiva. Aspectos psicoevolutivos y educativos". Málaga. Aljibe.
- Watkins, A. (Editor) (2007): *Assessment in Inclusive Settings: Key Issues for Policy and Practice*. Dinamarca. European Agency for Development in Special Needs Education.
- Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2007): "Orientacións e respostas educativas. Alumnado con discapacidade auditiva".

12.3.WEBGRAFÍA:

- www.edu.xunta.gal
- www.inclusion-europe.org
- www.european-agency.org
- www.espaciologopedico.com
- www.feaps.org
- www.centros.educación.navarra.es/creena
- <http://sid.usal.es/>



**Informe UNESCO EDUCACIÓN 2030. Declaración Incheon
Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para promover
oportunidades de aprendizaxe para todos...**

***O OBXECTIVO FINAL DE TODA EDUCACIÓN BASÉASE EN QUE CADA
NENO E NENA TEÑA A OPORTUNIDADE DE DESENVOLVER AO MÁXIMO
AS SÚAS CAPACIDADES.***

(Jonh Dewey 1900)



Seccións bilingües 2023-2024

O centro participa no Programa de Innovación Educativa Seccións Bilingües. Con el preténdese mellorar as competencias lingüísticas do noso alumnado e facilitar a súa integración nunha sociedade plurilingüe e multicultural.

Obxectivos específicos

-Fomentar o encontro cultural internacional e potenciar condutas en favor da tolerancia e respecto cara as outras formas culturais que sirvan, de forma comparativa, para valorar a cultura propia.

-Fomentar o uso do inglés como vehículo de comunicación fóra da aula de lingua inglesa.

-Adquirir un vocabulario básico en inglés, relacionado coa área de Plástica, que permita o desenvolvemento dos obxectivos propios da área.

-Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos de culturas diferentes.

Profesorado e alumnado participante.

- Materia na que se vai a desenvolver o proxecto: Educación Plástica e Visual.

- Lingua estranxeira : Inglés.

- Os mestres/as que van impartir a materia por ser especialistas en Lingua estranxeira serán: Silverio José Romero Calvo e Raquel Figueira Noya.

- Auxiliar de conversa: Spencer Bloom, nacido en EEUU.

- Alumnado participante: Desde 1º ata 6º curso de Educación Primaria.



Programa de auxiliares de conversa 2023-2024

Para este curso 2023/2024 temos asignado un auxiliar de conversa financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional procedente de EEUU, Spencer Bloom. Este auxiliar é compartido co CPI de Pontecesures, sendo este último o seu centro base. Como en anos anteriores, a súa actividade levarase a cabo en 2 períodos continuados de 4 meses en cada un dos centros asignados, permanecendo ata o 31 de xaneiro no seu centro base e a partir do 1 de febreiro acudirá ao noso centro, no que estará tres días á semana.

Obxectivos xerais do programa

- Estimular a aprendizaxe de linguas e fomentar o plurilingüismo e o coñecemento de outras culturas dentro dunha acción integrada no proxecto educativo do centro.
- Desenvolvemento das competencias comunicativas e lingüísticas do alumnado.

Funcións principais da auxiliar de conversa

- Apoiar as actividades programadas polo titor/coordinador da aula e dar a oportunidade aos alumnos de practicar o idioma que aprenden cunha persoa nativa dun país onde se fala a lingua estranxeira que están estudando.
- Apoiar aos docentes baixo a coordinación e supervisión do seu titor, colaborando co docente no desenvolvemento e adquisición de competencias básicas.
- Axudar na planificación das clases.
- Reforzar as destrezas orais do alumnado, promovendo a difusión cultural relacionándose constantemente co alumnado.
- Fomentar a motivación e interese pola lingua e a cultura do seu país de orixe.
- Promover iniciativas de formación, e servir como fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Desempeñar as funcións que os mestres consideren oportunas.
- Realizar prácticas específicas de conversación.
- Aportar recursos didácticos, especialmente material auténtico do seu país de orixe
- Realizar outras tarefas afíns.

Obxectivos do auxiliar de conversa



- Mellorar a competencia oral comunicativa dos alumnos.
- Realizar traballos por proxectos en lingua estranxeira.
- Promover os intercambios internacionais.

Seguimento

O traballo de supervisión do auxiliar de conversa será levado a cabo por:

- A nivel pedagóxico e en contacto cos proxectos e contidos que se desenvolverán ao longo do curso: Silverio José Romero Calvo (coordinador).
- A nivel organizativo, acolléndoo no centro e axudando na súa adaptación, así como no control de asistencia e puntualidade: Alejandro Vilasoa Bretal (Xefe de Estudos).
- Ao longo do curso farase un seguimento do traballo do auxiliar de xeito coordinado entre a Consellería e o centro.
- O centro comunicará calquera incidencia de responsabilidade no traballo ou falta de asistencia non xustificada.

Avaliación

A avaliación de todos os aspectos relativos ao rendemento do Auxiliar e a valoración do programa quedará reflexada no formulario online que se cubrirá a finais de curso na páxina do Ministerio de Educación.



PLAN DE IGUALDADE

CEIP ANA MARÍA DIÉGUEZ

Curso 2023 - 2024

1. INTRODUCCIÓN
2. NORMATIVA BÁSICA DE REFERENCIA
3. CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO
4. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN
5. OBXECTIVOS
6. CONTIDOS
7. A IGUALDADE NOS DOCUMENTOS DO CENTRO
8. MEDIDAS A LEVAR ACABO EN BASE ÁS COMPETENCIAS CLAVE
9. ACTIVIDADES NO CENTRO
10. METODOLOXÍA
11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A importancia de educar en igualdade de xénero desde idades temperás, radica no potencial das nenas e dos nenos. A estas idades (0-12 anos), están libres de prexuízos, polo que implementar unha ensinanza igualitaria repercute no seu desenvolvemento desde unha perspectiva de xénero. Por iso o sistema educativo debe contribuír a eliminar os estereotipos sociais relativos ao rol das mulleres e dos homes permitindo un desenvolvemento máis equilibrado e libre da personalidade así como o acceso ás mesmas oportunidades, axudando a construír relacións entre os dous sexos baseados no respecto e impulsando a participación de homes e mulleres en tódolos espazos da sociedade.

A escola ten un papel clave para promover a equidade xa que non debe ser unha institución que forme exclusivamente a persoas competentes en distintas áreas, senón que debería encargarse de tratar temas de convivencia e potenciar valores como a igualdade. A educación debería contribuír a reducir desigualdades.

A educación en e para a igualdade non pode quedar reducida a actuacións puntuais a días de reivindicación relacionada coa muller. Debe estar presente no día a día dos centros, ocupando un lugar central na tarefa educativa. A educación debe xogar un papel crucial no cambio de actitudes e conductas sexistas, contrarrestando as influencias que veñen da sociedade e do modelo ancestral de relación baseada no dominio-sumisión, sendo un obxectivo educativo prioritario erradicar o abuso e o emprego da forza como modelo de relación. Por iso, a educación para a igualdade só é posible cando se asenta nunha metodoloxía aberta, creativa e flexible que de cabida a unha educación emocional que nos permita proxectar unha verdadeira escola de iguais. Unha educación para igualdade debe estar centrada no fomento do traballo en grupo, no diálogo, nas relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto e a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todas e todos temos dereitos ás mesmas oportunidades.

Por todo isto, o plan de igualdade entre homes e mulleres pretende educar na igualdade, axudar ao alumnado a crecer como persoas, a desenvolver uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal e adquisición das competencias básicas e isto lle facilite a integración na sociedade.

2. NORMATIVA BÁSICA DE REFERENCIA

» **Ámbito estatal:**

- . Constitución (artigos 9.2 e 14).
- . Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro.
- . Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- . Lei 3/2007, do 15 de marzo .
- . Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24) .

» **Ámbito autonómico:**

- . Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- . Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- . Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- . Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014) .
- . Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa .
- . Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres .
- . Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato .
- . Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016).

3. CARACTERÍSTICAS DO NOSO CENTRO

PERSOAL DOCENTE

- Perfil do Claustro de profesoras e profesores :
9 mestras e 4 mestres (máis 3 mestras que itineran no noso centro).
- Cargos de responsabilidade:
Director , xefe de estudos e secretario.

PERSOAL NON DOCENTE

O centro conta cun conserxe e unha limpadora.

ALUMNADO

Ao centro asisten 125 alumnas e alumnos, dos/das cales 57 son nenas e 68 nenos.

4. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

1. Visibilidade: Identificar e facer visibles as diferenzas entre nenas e nenos e a desigualdade de trato como consecuencia destas diferenzas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que aquelas producen. Visibilizar ás mulleres, pois son as mulleres as grandes ausentes nos libros de texto e materiais didácticos. Visibilizar as súas aportacións na ciencia, a política, as artes e movementos sociais, así como a gran contribución social das mulleres que son as encargadas historicamente do traballo de coidados e reprodutivos tan necesarios para a supervivencia dos seres humanos a súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente realizaron. Visibilizar ás mulleres no uso da linguaxe, facendo un uso non discriminatorio do mesmo. Non só coa linguaxe escrita e administrativa senón tamén na linguaxe oral e coloquial co que nos diriximos a compañeiras e compañeiros de profesión, a alumnas e alumnos así como a pais, nais e titoras/titores legais. Visibilizar e identificar os privilexios patriarcais e reflexionar sobre a inxustiza e as consecuencias que estes teñen para as mulleres.

2. Transversalidade: Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes no conxunto de accións políticas, sociais e educativas emprendidas pola Administración e os centros educativos. Este enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten, directa ou indirectamente, á comunidade educativa. Por iso as actuacións e medidas impulsadas pola Administración educativa buscan ser exemplarizantes.

3. Inclusión: As medidas e actuacións diríxense ao conxunto da comunidade, porque educar en igualdade entre homes e mulleres require unha intervención tanto sobre unhas como sobre outros para corrixir así os desaxustes producidos polos cambios desiguais nos papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias.

4. Dinamismo: O Plan de Igualdade está suxeito a continuos cambios ca finalidade de adaptarse á realidade do centro, do seu alumnado e do resto da comunidade educativa, adaptándose ás necesidades detectadas para contribuír, desde o ámbito educativo, a alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres e erradicar a violencia de xénero.

5. OBXECTIVOS

» OBXECTIVOS XERAIS:

- a) Eliminar os estereotipos de xénero, educando na diversidade.
- b) Potenciar os xogos cooperativos e os xoguetes non sexistas.
- c) Integrar de modo transversal en todas as áreas do currículo a responsabilidade co traballo doméstico aclarando que este tamén se refire ao coidado de maiores, menores e discapacitados.
- d) Favorecer a resolución de conflitos derivados das diferencias de xénero, desenvolvendo a capacidade de diálogo.
- e) Analizar reflexiva e criticamente a linguaxe, asumindo outras alternativas para o seu uso evitando a desigualdade e afrontando unha linguaxe coeducativa.
- f) Implicar á Comunidade Educativa no desenvolvemento do proxecto.

» OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

A nivel de centro	A nivel de aula	A nivel do alumnado
-Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de dirección , participación e toma de decisións do centro de tal modo que se ofrezan modelos de actuación diversos, equipotentes e non estereotipados.	-Ofrecer modelos de actuación coeducativos na realización de actividades e responsabilidades escolares d e homes e mulleres.	-Favorecer as relacións baseadas no recoñecemento e a liberdade de elección.

<p>-Promover a formación en coeducación, prevención de violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.</p>	<p>-Coñecer e poñer en práctica unha metodoloxía que propicie a igualdade e non discriminación.</p> <p>-Potenciar a integración da perspectiva de xénero nas actividades deportivas.</p>	<p>-Facilitar un maior coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, homes e mulleres, que permitan evitar e corrixir as discriminacións que de aquelas se derivan.</p> <p>-Fomentar o cambio das relacións de xénero formando ao alumnado na autonomía persoal</p>
<p>-Previr e actuar contra a violencia de xénero desde o centro escolar.</p>		<p>-Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferenzas e as técnicas de resolución de conflitos.</p>
<p>-Promover que os libros de textos e os materiais educativos que temos nas aulas e na biblioteca do centro defendas criterios de igualdade e non discriminación, incorporando a visión e as aportacións das mulleres en tódolos contidos escolares e académicos.</p>	<p>-Elixir o material educativo e os libros de texto para a aula tendo en conta a igualdade de xénero e non discriminación.</p> <p>-Incorporar a visión e as aportacións das mulleres ao traballo en tódolos contidos do curso.</p>	<p>- Coñecer o consumo responsable, reflexionando sobre as mensaxes sexistas procedentes dos medios de comunicación.</p> <p>-Revalorizar o traballo e os saberes que realizaron tradicionalmente as mulleres e que son básicos para o mantemento da sociedade.</p>
<p>-Implementar a coeducación no proxectos educativos no centro e promover a inclusión de contidos e actividades específicas, adaptados a cada ciclo, sobre o significado</p>	<p>- Programar e planificar proxectos e tarefas centrados na coeducación.</p>	

e alcance da igualdade entre homes e mulleres.	
-Eliminar o uso da linguaxe sexista nas dependencias e en tódolos recursos escritos oficiais do centro.	-Potenciar o uso da linguaxe non sexista entre o profesorado e o alumnado.
-Poñer a disposición do profesorado, familias e comunidade educativa diferentes recursos para traballar a coeducación.	
-Concienciar ao profesorado, familias e comunidade educativa da importancia de educar na igualdade.	
-Potenciar a participación e colaboración das familias, AMPA e a comunidade educativa na defensa da igualdade.	

6. CONTIDOS

Os contidos propostos están directamente relacionados cos obxectivos establecidos:

- Sensibilización á comunidade escolar acerca da importancia de traballar a igualdade no colexio para conseguir unha convivencia pacífica.
- Concienciación ao alumnado das vantaxes da igualdade para previr as desigualdades, comportamentos xenófobos e racistas e conductas violentas que se dan na nosa sociedade.
- Mantemento dun clima agradable para a convivencia, tomando como punto de partida a igualdade.
- Adquisición de habilidades para a resolución pacífica dos conflitos.
- Linguaxe coeducativa, eliminando termos sexistas no seu uso.
- Coñecemento da inxustiza que sufriron historicamente as mulleres.
- Violencia de xénero: sensibilización e prevención.
- Solidarización con aqueles colectivos que sofren discriminación.
- Igualdade entre o home e a muller.
- Igualdade nas responsabilidades familiares.
- Igualdade nas expectativas profesionais.

- Potenciación no alumnado do concepto de coeducación e de igualdade mediante a transmisión de valores sociais como a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, a cooperación,...
- Potenciación da colaboración entre familia e escola para sensibilizar ao alumnado e a nais e pais da importancia da igualdade de xénero.
- Xogos coeducativos.
- Acoso escolar: sensibilización y prevención.
- Ciberacoso.

7. A IGUALDADE NOS DOCUMENTOS DO CENTRO

A continuación detállanse unha serie de actuacións concretas para integrar a perspectiva de xénero nos documentos do centro de acordo cos obxectivos establecidos:

» Proxecto Educativo:

- Revisalo para eliminar del calquera linguaxe sexista que poida existir.
- Detectar e corrixir calquera uso da linguaxe sexista en documentos do centro, así como na cartelería, recursos e materiais didácticos.
- Revisar e comprobar que os documentos do Proxecto Educativo contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da Igualdade entre homes e mulleres.
- Colaborar na elaboración do Plan de Acción Titorial para así incluír obxectivos que incidan na eliminación de estereotipos sexistas na nosa sociedade e que axudan a educar alumnos e alumnas autónomos e críticos.
- Incluír nas programacións didácticas a igualdade na aula.
- Incluír na Formación ao Profesorado algún curso relacionado co igualdade.
- Colaborar co concello nas actividades relacionadas coa igualdade.

» Plan de Convivencia:

- Os alumnos/as traballarán no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e prevención de conflitos, xunto coa resolución pacífica dos mesmos.

» Plan de Orientación e Acción Titorial:

- Formaremos aos alumnos/as no respecto dos dereitos fundamentais e na igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres.

» NOFC :

- Potenciarase a participación equilibrada nos xogos de nenos e nenas, fomentando os grupos mixtos e o desenvolvemento tanto de xogos motrices e deportivos como de outros máis tranquilos.
- Vixiarase que os espazos sexan ocupados de forma equitativa (tanto o patio como nas clases), sen acaparamento por parte de ningún sexo.
- Buscarase o equilibrio e a proporción de nenos e nenas no reparto de cargos, responsabilidades e tarefas por parte do profesorado.

» Programación Xeral Anual:

- Recolleranse accións e actividades relacionadas con eses valores, entre as que se atopan as que se organizan coincidindo con datas especiais.
- Nas programacións de aula, procurarase que as concrecións do currículo destaquen o valor da igualdade, a contribución da muller ao longo dos séculos á arte, ás ciencias, á literatura, e ao desenvolvemento da sociedade e da cultura. Os contidos inclúen a análise crítica dos obstáculos á igualdade ao longo da historia.

8. MEDIDAS A LEVAR ACABO EN BASE ÁS COMPETENCIAS CLAVE.

Un elemento imprescindible para educar en igualdade, é a necesidade de desenvolver no noso alumnado competencias básicas. No noso plan para e por a igualdade contribuiremos especialmente ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

» Competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe:

Traballarase este apartado a través do uso axeitada da linguaxe, evitando discriminación por razón de sexo. Ademais deberían desenvolverse actividades nas que os alumnos e alumnas utilicen a linguaxe para expresar os seus propios sentimentos así como actitudes de rexeitamento ante os diferentes tipos de discriminación.

» Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría:

Traballaremos en clase para coñecer algúns problemas relativos á igualdade da muller no mundo das ciencias e matemáticas: a brecha de xénero na carreira investigadora, tratamento dos medios de

comunicacións e redes de temas relacionados coa igualdade na ciencia e a importancia de que as mulleres se incorporen á divulgación matemática por exemplo.

» **Competencia dixital:**

Debemos ensinar ao noso alumnado a analizar as mensaxes que nos proporcionan os medios de comunicación con respecto aos roles aplicados ao home e á muller, favorecendo o xuízo crítico ante eles, así como ao modelo de familia heterocentrista que se espera reproduzan tanto mulleres como homes, invisibilizando así outros modelos de familia igualmente válidos e que deben estar representados.

» **Competencia persoal, social e de aprender a aprender e competencia cidadá:**

Traballaremos en clase para favorecer o coñecemento do propio corpo, procurando coñecer as diferenzas entre chicos e chicas; diferenzas que son necesarias coñecer para poder eliminar estereotipos. Teremos especial atención á hora de educar na igualdade sen caer nos roles de xénero nin no xénero como estancos únicos, hai moitas formas de ser e sentirse mulleres ou homes, hai persoas que non senten que o seu sexo biolóxico estea en consonancia coa súa identidade de xénero e persoas con orientacións sexuais diversas (lesbianas, gays, bisexuais e heterosexuais). A nosa sociedade é plural e tódalas persoas deben ter os mesmos dereitos independentemente da súa identidade de xénero u orientación sexual.

Co presente plan incluído na programación do centro, procuramos fomentar valores e actitudes necesarios para que os nosos alumnos e as nosas alumnas poidan vivir en sociedade, eliminando todo tipo de violencia e de discriminación na contorna máis próxima. Pretendemos que adquiran o valor da igualdade, pero non que o entendan como un feito aillado que traballaron un día no colexio, senón como unha actitude desexable e precisa para a sociedade. Isto conseguirase a través da realización de actividades lúdicas e próximas a eles e incluíndoa de forma transversal nos contidos e situacións de aprendizaxe. Traballaremos desde a práctica utilizando situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida aprender e xeneralizar a igualdade a outros contextos, sen esquecer a colaboración das familias que deberán implicarse en dito plan, facilitando as súas experiencias nas nosas clases.

Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia xa que o alumnado terá que realizar actividades nas cales deberán recompilar información para poder traballar nas aulas. Analizarán distintas situacións que se expoñerán na clase para ser analizadas. Potenciarase o traballo cooperativo para realizar murais e postas en común.

» **Competencia emprendedora:**

Algunhas das nosas actividades no presente plan están orientadas a que os nosos alumnos sexan autónomos tanto en casa como na escola. Isto formará as bases para que sexan autónomos no día a día. Tamén potenciaremos a iniciativa no traballo de clase, pedindo persoas voluntarias para levar a cabo distintas tarefas e sendo recompensados/as por elo con eloxios positivos ou calquera outra recompensa que utilizemos en clase .

» **Competencia en conciencia e expresión culturais:**

Traballarase o coñecemento da historia, literatura, arte, tradicións...desde un punto de vista crítico, analizando os estereotipos e visibilizando ás mulleres que participaron en todos estes ámbitos.

9. ACTIVIDADES NO CENTRO

Xa que a coeducación non é unha área educativa máis, realizaranse as actividades propostas enmarcadas dentro das programadas para podelas realizar diariamente nas aulas de forma transversal. Isto permitirá maior flexibilidade ás e aos docentes e tamén partir dos intereses do alumnado, de forma que se poida coeducar en calquera situación, ademais das actividades que teñamos organizadas para días concretos, nas cales se fará máis explícito o noso traballo coeducativo. A continuación ofrécese unha lista de posibles actuacións a desenvolver na vida diaria do centro e outras máis específicas para momentos puntuais de celebracións.

Efemérides:

- » Día contra a violencia de xénero (25 de novembro).
- » Festa de Nadal (decembro).
- » 30 de xaneiro: Día da Paz e a non violencia.
- » 11 de febreiro: Día Internacional das mulleres e das nenas na ciencia.
- » Día da Muller (8 de marzo).
- » 23 de Abril. Día do libro. Contos e literatura coeducativa.

Durante todo o curso:

- Murais sobre mulleres importantes na historia nos diferentes ámbitos da sociedade.
- Colaboración do alumnado de maior idade co de menor para fomentar o coidado aos que o necesitan, a colaboración e o sentido da responsabilidade.
- Visionado de películas e lecturas relativas ao tema.

- Crear un espazo na web do centro onde se recolla rodo ao referente ás actuacións do Plan de Igualdade.
- Consolidar unha linguaxe escrita coeducativa en tódolos documentos do centro: cartas, comunicados, cartelería, boletíns, circulares informativas, publicacións nas redes...que se trasladen desde dirección, equipo docente, persoal do comedor e ANPA.
- Fomentar unha linguaxe oral na que se inclúan ambos sexos e no que non haxa prexuízos sexistas á hora de nomear tarefas domésticas, profesións...e en xeral estereotipos que seguen inmersos na linguaxe cotiá. Corrixir no posible este déficit que poida existir nos libros de texto e materiais curriculares.
- Poñer en marcha un “taboleiro de coeducación”.
- Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para nenos e nenas.
- Música contra a violencia de xénero. Evitar cancións nas celebracións ao longo do curso que non contribúan á sexualización e cosificación das mulleres e rompa co papel que estas teñen nas cancións que abundan nas listas de éxitos, cancións que fomentan un amor que sitúa ás mulleres como obxectos sexuais e persoas inmaduras carentes de opinión propia nas relacións.
- Realización de debates dirixidos sobre problemáticas sociais relacionadas coa coeducación, roles e estereotipos sexuais...
- Agrupamentos mixtos en xogos e actividades deportivas, na realización de traballos en grupos, así como na ubicación dentro da propia aula.
- Debuxos sobre tarefas e oficios que realizan habitualmente o home ou a muller e debates sobre os mesmos. Actividade “Que queres ser de maior?” Para analizar que non importa o sexo á hora de elixir unha carreira ou profesión para desempeñar o oficio que gusta.
- Práctica de xogos populares e campionatos deportivos con agrupamentos heteroxéneos e participación de ambos sexos en aqueles con un carácter estereotipado.
- Recompilación de información a través de Internet sobre temas relacionados coa coeducación e realización de murais.
- Realización dun listado de aqueles libros e documentos que encontremos no centro que fagan un uso sexista da linguaxe.
- Visionado de películas e documentais onde se traten os aspectos máis relacionados coa coeducación.
- Creación dun taboleiro de anuncios chamado onde se colguen noticias: talleres, charlas...
- Traballo de investigación sobre o contido machista de letras de cancións tanto actuais como tradicionais.

- Biblioteca de aula. Lectura de libros ou artigos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres evitando estereotipos.
- Ampliar a biblioteca do centro coa adquisición de libros coeducativos non sexistas.
- Ter un banco de recursos (páxinas webs) do profesorado con materiais para formación propia e con recursos variados para traballar na aula.
- Fomentar nos patios tanto de Infantil como de Primaria o xogo entre diferentes sexos. Os recunchos (coches, construcións, lectura, xogos de mesa, xogos no patio) deben estar repartidos de forma igualitaria tanto por nenas como por nenos.
- Ambientar o centro con mensaxes non sexistas, favorecendo o trato entre diferentes sexos e entre iguais.

10. METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico deste plan de igualdade será globalizador, traballando en todo momento pola igualdade e o rexeitamento contra a discriminación por cuestión de sexos. Ademais, iremos traballar este valor procurando o desenvolvemento das competencias básicas que pretendemos conseguir co alumnado, facendo que este plan estea presente en toda a nosa programación.

Traballaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe que os nenos e nenas adquiren sexa significativo e sexan as/os protagonistas da súa aprendizaxe posibilitando a exposición libre de ideas. Pretendemos acadar unha metodoloxía crítica e reflexiva, onde poñer tódolos puntos de vista enriba da mesa tendo que defendelo mediante argumentos. Tamén unha metodoloxía inclusiva, que chegue por igual a tódalas alumnas e alumnos do centro.

É fundamental que o material de traballo sexa atractivo e estimulante, tanto pola calidade formal, como polos contidos desenvolto.

Traballaremos partindo das propias experiencias do alumnado, da contorna máis próxima que lles rodea, o fogar. Para iso imos favorecer a comunicación familia-escola e realizaremos actividades que se baseen na experiencia familiar, na convivencia que iso supón; para así podelo trasladar á vida en sociedade. A coordinación coas familias é primordial para que estas participen na nosa tarefa educativa.

As titoras e titores, ademais de coordinarse entre ambos para intercambiar impresións, suxerencias e propostas, terán que impulsar e motivar aos alumnos e alumnas, manter un clima de harmonía e boas relacións, orientar, instruír, facilitar a toma de decisións e establecer criterios definidos de comportamentos e pautas de traballo. O profesorado é o referente que nenas e nenos teñen na aula, por iso a implicación de titoras e titores é necesaria e importante, como modelo a seguir, para conseguir actitudes non sexistas, non discriminatorias e non violentas.

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Igualdade, levarase a cabo unha avaliación continua que nos permitirá comprobar se os obxectivos plantexados están sendo os axeitados e se as actividades propostas son as correctas para lograr ditos obxectivos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compón a Comunidade Educativa así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas.

Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción xeral.

Así empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- a) Revisión dos obxectivos e actividades plantexadas.
- b) Avaliación das actividades propostas.
- c) Reunión de seguimento co profesorado.
- d) Memoria final do Plan de Igualdade.

CEIP ANA MARÍA DIÉGUEZ

PROXECTO TIC

INTRODUCCIÓN

O artigo 7 do Decreto 155/2022 establece, como un dos obxectivos da etapa de educación primaria desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

sContémplase tamén na norma reguladora do currículo a existencia da competencia clave "Competencia dixital".

Esta competencia dixital defínese na Orde ECD/65/2015 como *"aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade"*. Plantexa esta norma básica a necesidade de abordar, para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital a información, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade (riscos asociados ao uso das TIC) e a resolución de problemas.

O currículo da área de Ciencias da Natureza indica que deberá posibilitarse a aproximación ao uso das tecnoloxías de maneira secuenciada durante a etapa. Na área de Ciencias Sociais figura como contido do bloque común a busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. As áreas lingüísticas inciden na potencialidade das TIC en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas. O longo de todo o currículo LOMLOE de educación primaria podemos atopar criterios de aprendizaxe e estándares de aprendizaxe relacionados coas tecnoloxías da información e comunicación.

A comunidade educativa do CEIP Ana María Diéguez é consciente tamén da importancia que as tecnoloxías da información e da comunicación supoñen na formación do noso alumnado. Non se trata de poñer o ordenador ou calquera outro dispositivo no centro de todo o proceso educativo, senón de amosar ao alumnado, e aos educadores do centro, as múltiples e diversas posibilidades que os novos medios poñen ao seu alcance.

SITUACIÓN ACTUAL E INVENTARIO

Antes de pasar a ver, polo miúdo, cales serán as actuacións concretas necesarias para acadar os obxectivos propostos, procede realizar unha análise dos recursos existentes.

- Conexións e acceso á Internet.
 - No referente ao conxicionado interno, todos os espazos educativos do centro contan con conexión a Internet, ben a través de cableado UTP CAT 5 ou ben a través de WIFI. Os espazos administrativos (equipo directivo e Departamento de Orientación) así coma todas as aulas contan ademais con máis dun punto de rede fixo.
 - O acceso á WIFI está condicionado á existencia dunha conta de usuario baixo o dominio @edu.xunta.es, polo que se garante por un lado, a existencia das pertinentes medidas de protección dos datos almacenados nos equipos dos centros e, por outro, o acceso da totalidade do persoal docente e do alumnado do centro, se fora necesario acceso persoal por parte deste último colectivo. A conexión dos equipos utilizados nos cursos eDixgal e todos aqueles nos que se instale unha maqueta Abalar non necesitan a introdución de usuario e contrasinal para o seu acceso á rede wifi.
 - O centro dispón a día de hoxe con tecnoloxía de fibra óptica que garante un acceso de calidade á rede.
- Desde comezos do curso 2019-2020 curso o centro conta cun servidor de datos de ámbito interno que funciona como repositorio de documentación ou como pasarela para o manexo da información entre os distintos equipos do centro. A fiabilidade e seguridade dos datos existentes no mesmo garántese mediante a utilización de tecnoloxía RAID (replicación de datos entre dous discos duros)
- O centro dispón actualmente dun dominio de acceso público dentro do dominio xenérico proporcionado pola Xunta de Galicia no que se atopan aloxados un xestor de contidos web (Drupal) un xestor de galerías de imaxes (Coppermine) e unha plataforma de ensino a distancia (Moodle).
- No referente aos espazos dispoñibles, o centro, actualmente, conta con 9 unidades en funcionamento, 3 de educación infantil e 6 de educación primaria.
- Ademais dos espazos ocupados polos grupos anteriores, o centro dispón tamén dos seguintes entornos específicos:



- Aula de música – salón de actos.
- Aula de lingua estranxeira.
- Aula de relixión.
- Ximnasio
- Sala de profesores
- Aula de audición e linguaxe (en diante AL)
- Aula de pedagogía terapéutica (en diante PT)
- Departamento de orientación (en diante DO)
- Secretaría
- Dirección – Xefatura de estudos
- Conserxería
- Convén destacar que este centro xa non conta con aula de informática, pois considérase xa superada esa fase da incorporación das TIC á educación onde o manexo dos recursos era considerado un obxectivo en si mesmo. Pola contra, os recursos TIC, conectados á rede, forman parte xa do equipamento de cada aula, propiciando que o alumnado aborde xa fases de apropiación e innovación no uso das TIC en detrimento de fases primeiras onde prevalecía o acceso e a adaptación funcional a eses mesmos recursos.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN

En canto a recursos persoais, o equipo de dinamización TIC está formado polas seguintes persoas:

- Raquel Figueira Noya
- Silverio José Romero Calvo
- Santiago Triñanes Sánchez e
- José Rodríguez Rial, que actuará como dinamizador do equipo

Dacordo co estipulado na normativa vixente as funcións do devandito equipo de dinamización TIC serían as seguintes:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.



3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

OBXECTIVOS DO PLAN PARA O CURSO ACTUAL

A nivel máis concreto, o equipo de dinamización TIC asume como seus, para o período de vixencia do presente proxecto, os seguintes obxectivos prioritarios:

- Impulsar o uso das TIC no centro, tanto a nivel organizativo como pedagóxico.
- Realizar o mantemento cotián dos equipos informáticos existentes no centro.
- Impulsar a presenza do centro na rede.

Impulsar o uso das TIC no centro, tanto a nivel organizativo como pedagóxico.

- A nivel organizativo
 - Uso de mensaxería para comunicacións internas
 - Para o seu uso desde dispositivos móbiles fomentárase o uso de Telegram fronte a Whatsapp debido á maior seguridade, estabilidade e versatilidade de Telegram.
 - Impulsar e estender a utilización do SERVIDOR de centro, fundamentalmente como repositorio de contidos e documentos.
 - Xeneralizar o uso do correo electrónico como ferramenta comunicativa.
 - Eliminar no posible a impresión de documentos: convocatorias, avisos,...
- A nivel pedagóxico
 - Formar ao profesorado na utilización da aula virtual.
 - Dar a coñecer repositorios de contidos TIC aloxados na rede.
 - Establecer sistemas de ordenación e clasificación dos contidos anteriores.



- Afondar na formación do persoal docente coa impartición de pequenas sesións de formación semanais e a divulgación de manuais de utilización dos recursos existentes no centro ou na rede.
- En educación infantil
 - Recuperación do uso funcional das pantallas interactivas.
 - Impulsar o uso da plataforma de comunicación coas familias AbalarMobil.
- En educación primaria
 - Iniciar ao alumnado na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
 - Impulsar o uso da plataforma de comunicación coas familias AbalarMobil.
 - Fomentar o uso do ordenador na aula como ferramenta de consulta.
 - Iniciar ao alumnado en robótica como forma de:
 - Introducir o pensamento computacional
 - Aprender a programar de maneira natural e lúdica (SCRATCH)
 - Estimular o interese polas vocacións STEM
 - Resolver sinxelos problemas diarios co uso de maquetas de robots.
- Alumnado de atención á diversidade
 - Estudar, xunto co Departamento de Orientación, a implantación de software educativo específico para este alumnado.

Realizar o mantemento cotián dos equipos informáticos existentes no centro.

- Actualización do inventario TIC do centro.
- Progresiva migración cara entornos de software libre, máis económicos, seguros e sinxelos de manter.
- Instalación das actualizacións necesarias.
- Continuar coa progresiva estandarización do software presente nos equipos.
- Mantemento e "limpeza" periódica do servidor e dos equipos de uso común. Nos equipos de aula, tanto de profesorado como alumnado, esta tarefa realizarase baixo demanda.

Impulsar a presenza do centro na rede.

- Centralizar a publicación de contidos relacionados co centro no espazo proporcionado pola consellería.
- Fomentar a progresiva participación do profesorado no mantemento do espazo web do centro.
- Fomentar a utilización da galería de imaxes Coppermine como repositorio de imaxes do centro abandonando a utilización de recursos externos.
- Estudar as posibilidades de utilización da plataforma de ensino a distancia Moodle.
- Aumentar a presenza nas redes sociais a través da divulgación das actividades realizadas nas plataformas Instagram e Facebook.

Novas incorporacións ao inventario do centro

O curso actual iniciarase con sete paneis interactivos xa instalados e funcionando nas aulas de educación infantil e cursos de primaria non eDixgal. Durante este curso está prevista a recepción e instalación de dous paneis máis nos cursos eDixgal (5º e 6º).

Un dos obxectivos do curso actual será o aproveitamento tecnolóxico e pedagóxico destes novos dispositivos. A tal fin, no PFPP deste curso propúxose unha liña específica relacionada coa formación no manexo dos paneis.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

Co fin de adecuar o proxecto ás necesidades do centro e garantir a súa aliñación co Proxecto Educativo aquel deberá ser revisado, actualizado e mellorado cada curso.

Para valorar os resultados e reorientar as nosas actuacións teranse en conta os seguintes aspectos:

- Integración curricular
 - Grao de adquisición da competencia dixital por parte do alumnado, a partir dos estándares de aprendizaxes avaliábeis recollidos nas programacións didácticas de cada área.
 - Grao de utilización dos novos medios por parte do alumnado.
 - Grao de participación do profesorado na utilización das novas tecnoloxías: uso de servidor, achegas á web, galería de imaxes,...
- Equipamentos e infraestruturas
 - Valoración do uso e mantemento dos equipos TIC do centro
- Formación do profesorado
 - Valoración da formación recibida.



PLAN DE BIENESTAR E CONVIVENCIA

C.E.I.P. ANA MARÍA DIÉGUEZ



Curso 2023-2024

Coordinadora: ***M^a del Carmen Fernández Vidal***



ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- XUSTIFICACIÓN
- 3.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO NO CENTRO
- 4.- OBXECTIVOS
- 5.- CONTIDOS
- 6.-COMPETENCIAS A TRABALLAR
- 7.- PROPOSTA DIDÁCTICA
- 8.- AVALIACIÓN
- 9.- BIBLIOGRAFÍA PARA TRABALLAR AS EMOCIÓNNS



1.- INTRODUCCIÓN

O **C.E.I.P. Ana María Diéguez** atópase na parroquia de Asados, pertencente ao Concello de Rianxo, sito ao S. O. da provincia de A Coruña, na costa norte da ría de Arousa.

No que atinxe aos aspectos socioeconómicos o traballo que realiza a poboación oríentase ao sector primario, no que destacan a pesca de baixura, o cultivo do mexillón, agricultura e gandería. O segundo sector económico de importancia é o da construción e as industrias afíns, ornamentación, decoración, electricidade, fontanería, carpintería de aluminio,... Nun terceiro nivel destaca a confección téxtil.

Entendemos a **Educación Emocional** como un proceso educativo continuo e permanente, que pretende potenciar as competencias emocionais como elemento esencial do desenvolvemento integral da persoa, co fin de capacitalle para a vida. Todo este proceso ten como finalidade aumentar o benestar persoal e social.

Enténdese por emoción o conxunto de reaccións orgánicas que experimenta un individuo cando responden a determinados estímulos externos que lle permiten adaptarse a unha situación con respecto a unha persoa, obxecto, lugar, entre outros. A palabra emoción deriva do latín emotio, que significa "movemento", "impulso" (Sánchez, 2009)

A emoción caracterízase por ser unha alteración do humor a curto prazo pero de maior intensidade que un sentimento. Por outra banda, os sentimentos son as consecuencias das emocións, polo tanto son máis duradeiros e poden verbalizarse. Damasio (1996)

As emocións son a causa de varias reaccións orgánicas que poden ser fisiolóxicas, psicolóxicas ou condutuais, é dicir, son reaccións que poden ser innatas e influídas por experiencias ou coñecementos previos.

Estas reaccións orgánicas que xeran emocións están controladas polo sistema límbico, composto por varias estruturas cerebrais que controlan as respostas fisiolóxicas. Non obstante, unha emoción tamén pode producir un comportamento que se pode aprender de antemán, como unha expresión facial.

Segundo Daniel Góleman, a Educación Emocional é a capacidade de recoñecer os nosos propios sentimentos e os dos demais, de motivarnos e de manexar axeitadamente as relacións.

É moi importante que o alumnado aprenda a xestionar as súas emocións, deben aprender a pensar antes de actuar, a controlar a agresividade e a ira, e a identificar cando están

alegres ou tristes.... Todo isto conséguese a través da educación emocional dende que son pequenos. Deste xeito serán máis felices e saberán adaptarse ás situacións que se lles van presentar ao longo da súa vida.


A importancia da educación emocional radica en que axuda ao alumnado a ser cognitivamente máis eficaz, ter máis éxito persoal, estar máis motivado, e ser emocionalmente máis feliz.

A educación emocional faise dobremente importante no caso de alumnado con NEAE polas diferentes dificultades que poden estar asociadas a nivel comunicativo, o que moitas veces desencadea en frustración e, por conseguinte, manifestación de condutas disruptivas, descontrol de impulsos etc.

O alumnado precisa de ferramentas e estratexias que lle sirvan de fío condutor das propias emocións, para reducir deste xeito a ansiedade e acadar o benestar e o equilibrio persoal.

Dende o Departamento de Orientación do noso centro propónse e facilítase todo o relacionado con este ámbito socioemocional, de convivencia, igualdade e respecto.

O noso centro é de liña 1 polo que o clima é moi familiar con toda a comunidade educativa. O profesorado implícase e preocúpase para favorecer o benestar do noso alumnado o que axuda a que a convivencia no noso centro sexa agradable e tranquila pero non por eso deixamos de traballar os valores, a Educación Emocional e a Convivencia, tentando así manter e mellorar o bo clima do que neste momento gozamos no noso centro.





2.- XUSTIFICACIÓN

Dende o 14 de marzo de 2020 estivemos vivenciando unha circunstancia excepcional derivada da pandemia mundial ocasionada pola COVID 19.

A nivel emocional supuxo un reto para toda a sociedade, vimos limitadas as nosas liberdades e cambiadas as nosas rutinas moi significativamente dun día para o outro: falta de liberdade de movementos, de interacción social en situacións normais, privación da realización de actividades que formaban parte da vida... O reto de asimilar e aceptar esta situación foi aínda máis complexo para aquel alumnado que presenta dificultades para expresarse, comunicarse e comprender a situación na que se atoparon durante tantos meses.

Tendo en conta estas circunstancias excepcionais, vemos a necesidade de seguir traballando de forma moito máis conscente, a educación emocional, propiciando máis momentos de reflexión, diálogo e aprendizaxe na xestión das nosas emocións.

O 19 de febreiro a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon a disposición dos centros un **Plan de Benestar Emocional** con 24 actividades, para previr e atenuar a influencia da pandemia, os Departamentos de Orientación Educativa dos centros tamén elaboraron os seus propios segundo as necesidades observadas no seu contexto.

Dende o curso 2020-21 contamos no centro co Programa de Educación Emocional e Social e a partir do curso 2022-23, levamos a cabo no centro, diversas actividades, accións e programas para reflexionar, acompañar e transformar, situacións de malestar, ansiedade e sufrimento no conxunto da comunidade educativa, e dotar de recursos para o acompañamento. Aspecto que seguimos profundizando e mellorando segundo as necesidades sobre todo no ámbito da detección e da intervención.

Para o curso 2023-2024 e tomando como referencia a *ORDE do 23 de agosto de 2023 polo que se establece a figura da persoa coordinadora de nenestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*, iniciaremos o proceso con este **Plan de Benestar e Convivencia** do seguinte xeito:

- Observando condutas e cunha relación de pistas para acompañar á observación.
- Recollendo información a nivel titorial (alumnado e familias)



- Iniciándonos en actividades propostas dende o Plan e dende os catro eixes.

EIXE 1	EMOCIÓNATE	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Mochila dos recordos ➤ Baleirando petos ➤ Detective de emocións ➤ Orelas de elefante(escoita) ➤ Superpoder ➤ O poder da música 	Favorece a creación de espazos de comunicación e escoita, así como a identificación das emocións propias e alleas sentidas e vividas durante este período de pandemia global
EIXE 2	RESPECTA	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Cambiamos tocarnos por mirarnos ➤ En equipo máis fortes ➤ Planeta perfecto ➤ Xogos reunidos 	Dirixido a tomar conciencia dos novos cambios nos hábitos e relacións sociais tendo en conta as normas hixiénico-sanitarias dende a situación que nos deixou a pandemia e favorece o respecto.
EIXE 3	REGULA	<ul style="list-style-type: none"> ➤ A caixa de urxencias emocional ➤ Un paseo relaxante ➤ Trece palabras agradables ➤ Faltoume o que tiña, ou non? ➤ A cesta máxica 	Desenvolve aspectos relacionados coa regulación emocional e o afrontamento dos conflitos para aprender a tolerar a frustración e evitar situacións de estrés
EIXE 4	VIVE E CONVIVE	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Pechando os ollos ➤ Adiviña quen ➤ Cada ovella coa súa parella ➤ Tempo compartido ➤ Obradoiros 	Fomenta actitudes positivas, sentimentos de gratitudde e solidariedade co fin de desenvolver pensamentos positivos, recoñecer o esforzo e xerar un beneficio común



3.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO NO CENTRO

No noso centro temos alumnado da etapa de Educación Infantil e Educación Primaria, contamos con 124 alumnas e alumnos no curso 2023-2024. O alumnado precisa de ferramentas e estratexias que lle sirvan de fío condutor das propias emocións, para reducir deste xeito a ansiedade e acadar o benestar e o equilibrio persoal.

4.- OBXECTIVOS

O obxectivo xeral deste programa é contribuír a mellorar as competencias socio emocionais do alumnado, poñendo especial énfase na xestión emocional e nas habilidades sociais, así como o benestar persoal e social.

Ademais, preténdese contribuír ao benestar emocional da comunidade educativa no seu conxunto e a unha boa convivencia:

- Acadar o benestar emocional do alumnado do Centro.
- Por ao servizo do alumnado os recursos e estratexias necesarios para recoñecer e manexar as súas propias emocións.
- Por ao servizo do alumnado os recursos e estratexias necesarios para recoñecer as emocións nos demais.
- Aportar ao alumnado estratexias de autorregulación emocional.
- Aportar ao alumnado as habilidades sociais necesarias para interactuar correctamente respectando as ideas, sentimentos e emocións dos compañeiros.
- Establecer canles de comunicación e servir de mediación entre as familias e o centro educativo axudando a diminuír a ansiedade e xerando seguridade, tranquilidade e confianza.
- Facilitar charlas, actividades no ámbito emocional e da convivencia e igualdade.



5.- CONTIDOS

- Recoñecemento das emocións básicas propias e alleas.
- Expresión das propias emocións axeitadamente a través da linguaxe oral fundamentalmente.
- Asimilación de estratexias de autorregulación da propia conduta.
- Adquisición de habilidades sociais que contribúan á resolución positiva de conflitos e á empatía

6.- COMPETENCIAS A TRABALLAR

- Competencias sociais e cívicas.
- Competencias para a autonomía e iniciativa persoal.
- Competencia en comunicación lingüística .

7.- PROPOSTA DIDÁCTICA

As proposta didáctica será presentada de xeito xeral e global, as actividades e tarefas concretaranse nas titorías axudándose das diferentes dinamizacións de centro e empregando en cada momento a liña de traballo escollida para o curso actual. Ademais cada titor deberá adaptar metodoloxías e recursos ao alumnado da súa aula.

Traballaremos as emocións e habilidades sociais.

O obxectivo xeral do equipo docente é promover o desenvolvemento saudable do alumnado e do profesorado, incluír na práctica docente a educación emocional, social e creativa e que forme parte da nosa labor diaria, mellorar o benestar persoal e social de tódala comunidade educativa do noso centro incorporando estes aspectos na práctica educativa e así CONTINUAR E MELLORAR O CLIMA DE CONVIVENCIA DO NOSO CENTRO.

Consideramos importante e básico traballar as emocións, detectalas e porlle nome e sentilas para poder gozalas ou afrontalas e superalas dende a confianza en si mesmos.

Moitas veces non somos capaces de nomear o que sentimos o que fai que non podamos identificalas para contrarrestar o malestar e a frustración.



Os **sentimentos e emocións** que poderemos observar de xeito máis habitual son os seguintes:

MEDO	<p>É a reacción emocional máis frecuente, especialmente para o alumnado máis pequeno, podéndolles afectar os hábitos e ritmos de sono. Para tratar de reducir esta sensación, unha das recomendacións é ler relatos ou contos con eles, apoiándonos na realidade na que ese “monstro” desapareza co traballo e coa colaboración das familias e a colaboración de todos nos . Teranse que valorar individualmente aqueles casos que poideran derivar nalgún tipo de trastorno emocional. Aproveitaranse celebracións no centro como a do Samaín para queimar os medos (cada curso escribe un</p>
INSEGURIDADE E INCERTIDUMBRE	<p>É importante valorar positivamente os comportamentos axeitados e axudarlles a desenvolver a súa autoconfianza recoñecendo seus progresos por lentos o poucos que sexan. Cos alumnos/as maiores, falar, dialogar e razoar con eles, compartindo momentos xuntos en familia, onde se sintan comprendidos e escoitados. Empregar os reforzos positivos para axudar a autoestima do alumnado.</p>
ANSIEDADE	<p>É un mecanismo adaptativo. É aconsellable falar de cómo se sinten, realizar exercicios de respiración ou de conteo se o necesitan, practicar actividades físicas, fomentar bos hábitos de alimentación e hábitos de sono e hixiene en colaboración familiar. Coidar e manter as relacións sociais e de amizade é outro aspecto importante a ter en conta. Favorecer o pensamento positivo e de que como mestres/as creemos nas capacidades do noso alumnado.</p>

A TRISTEZA

É aconsellable explicarlles que a tristeza aparece ao añorar algo, chorar axúdanos a sentirnos mellor e facilita a aceptación da emoción. Un dos comportamentos máis axeitados que acompañan a esta emoción é tratar de lembrar e, na medida do posible, recrear momentos felices, situacións que resultaran agradables para ir deixando que a tristeza se transforme nunha certa nostalxia, emoción moito menos intensa.

A IRA

Dende casa débese ser flexible e ter paciencia fronte a momentos de rabechas e enfados. Como adultos temos que axudar a conter respostas emocionais inadecuadas e ofrecerlles ao mesmo tempo alternativas de respostas máis adaptativas. É fundamental nestes casos a empatía, a comprensión sobre os sentimentos dos demais e dar “espazo e tempo” para a xestión da emoción.

Debemos axudarlles, nais, pais e mestres/as, con diferentes estratexias para superar as adversidades da mellor maneira posible, e en consecuencia aprendan a resolver posibles desafíos de forma exitosa, sendo máis optimistas e máis capaces .

Son recomendables algunhas pautas para recoñecer as súas habilidades e recursos internos, que recolle o Dr. Ginsburg no su libro: “Guía de los padres para fomentar la **RESILIENCIA** en los niños y en los adolescentes” que detállanse a continuación:

Habilidade: describe o sentimento de saber que podemos manexar unha situación eficazmente. Podemos axudar a desenvolver a competencia ao:

- Axudar aos nenos e nenas a enfocarse en fortalezas individuais.
- Enfocarse nalgún erro identificado en incidentes específicos.
- Autorizar aos nenos/as a que tomen decisións.
- Ter coidado de que o desexo de protexer ao seu fillo/a non envíe unha mensaxe equivocado de que non o considera capaz para



manexar as cousas.

- Recoñecer as habilidades dos irmáns de xeito individual e evitar as comparacións.

Confianza: A convicción dun neno/a sobre as súas propias habilidades derívase da capacidade. Créase confianza ao:

- Enfocarse no mellor de cada neno/a para que poida observar.
- Expresar claramente as mellores cualidades, como lealdade, integridade, persistencia e bondade.
- Recoñecer cando o neno fai algo ben.
- Felicitar con honestidade certos logros específicos.
- Non presionar ao neno/a para que emprenda máis do que pode manexar de una maneira realista.

Conexión: Desenvolver vínculos estreitos coa familia e a comunidade crea un sólido sentido de seguridade que axuda a guiar hacia importantes valores e evita as rutas destrutivas alternas del amor e a atención. Pódese axudar ao seu fillo/a – alumno/a a conectarse con outros ao:

- Crear un sentido de seguridade física e emocional dentro do seu fogar/ aula.
- Permitir a expresión de todas as emocións, para que os nenos/as se sintan cómodos durante os momentos difíciles.
- Tratar abertamente o conflito na familia/ colexio para solucionar os problemas.
- Identificar un lugar común onde a familia poida compartir o seu tempo (non necesariamente o tempo para ver TV).
- Fomentar as relacións saudables que reforzarán as mensaxes positivas.

Carácter: Os nenos necesitan fomentar un sólido grupo de ensinanzas e valores para determinar o correcto e o incorrecto, e para demostrar unha actitude afectuosa cara os demais. Para fortalecer o carácter do seu fillo/a, empece por:

- Demostrar cómo afectan os comportamentos a os demais.



- Axudar ao seu fillo/a a recoñecerse como unha persoa amable.
- Demostrar a importancia da comunidade.

- Evitar o racismo ou as declaracións de resentimento o estereotipos.

Contribución: Os nenos/as necesitan comprender que o mundo é un lugar mellor porque eles están nel. Ser consciente da importancia da contribución persoal pode servir como unha fonte de propósito e motivación. Ensínelle ao seu fillo/a cómo contribuir ao:

- Comunicarlles que muchas persoas no mundo non teñen o que necesitan.
- Acentuar a importancia da xenerosidade.

Estas son algunhas das recomendacións para as familias e alumnado, para poder así axudarlles a xestionar todas estas emocións. É importante normalizar a manifestación de ditas emocións, sendo flexibles en cada situación e ensinando a resolvela de maneira adecuada.

ENLACES DE CORTOS E CONTOS PARA TRABALLAR AS EMOCIÓNS DENDE A DIVERSIDADE E A IGUALDADE

1º Traballar as emocións a través dos contos”:

- Un beso antes de desayunar. Raquel Díaz Reguera

<https://youtu.be/WGFMZzpiAms>

- Gustavito el superdeditos

<https://youtu.be/DISsu43RaYc>

- La Flor Más Grande del Mundo. José Saramago

<https://youtu.be/6GACyqE2-uU>

2º Curtametraxes para traballar as emocións:

No seguinte enlace do Blog do noso Departamento de Orientación están a disposición vídeos con recomendacións por idades:

<https://departamentorientacion2.blogspot.com/p/videos-educativos.html>

Amizade



- Mi lado de la bufanda. Carmen Parets.

<https://youtu.be/y8bq63NqaF4>

- Monsterbox.

<https://youtu.be/DoLAoOkG5qY>

- Changing Batteries

https://youtu.be/O_yVo3YOfqQ

Empatía

- Chicken or The Egg.

<https://youtu.be/nfYPktsd9bs>

- Los pajaritos.

<https://youtu.be/BLxx59JLCCY>

Tolerancia

<https://youtu.be/hNgfr5kHg5E>

- El puente https://youtu.be/NaMpxR_RQSY

3º Traballar as emocións a través do mindfullnes

- <https://volandocometas.com/mindfulness-para-ninos>

8.- AVALIACIÓN

A efectividade deste programa radicará no éxito que teñamos como centro á hora de conseguir que o alumnado acuda feliz ao colexio, que sinta que estamos nun clima de confianza e de respecto mutuo, obxectivo que se pretende ao longo de todos os cursos educativos.

A avaliación do presente programa terá en conta os seguintes criterios e indicadores de avaliación:

ALUMNADO	SÍ	NON
Acode contento ao centro expresando as súas emocións.		
Expresa as emocións propias a través da fala ou expresión corporal, e identificalas nos pictogramas ou imaxes.		
Recoñece as emocións nos demais e empatiza con eles.		
Autorregula a propia conduta emocional con autonomía crecente.		
Mellora nas habilidades sociais.		
Acadáronse os obxectivos propostos de non ser o caso plan de mellora.		
Observacións:		

PROFESORADO	SÍ	NON
Realizar unha vez a semana durante os meses de setembro e outubro, actividades de cohesión de grupo.		
Rexistrar as respostas ás actividades.		
Elaborar caderno de rexistro e de observación.		
Realizáronse actividades durante todo o curso relacionadas co plan.		
Compartir co resto do claustro as experiencias.		
Tomar conciencia da educación respectuosa con condutas adecuadas para unha estabilidade emocional.		
Evidencias das actividades elaboradas		
Foron enriquecedoras as actividades externas programadas		
Observacións:		

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN ESTARÁ A DISPOSICIÓN PARA CALQUER TIPO DE ASESORAMENTO, DESEÑO E/OU AMPLIACIÓN DE ACTIVIDADES, ASÍ COMO DE RECURSOS QUE SE PRECISEN A MAIORES PARA EMPREGAR POR CICLOS CONTANDO CO NIVEL CURRICULAR DE CADA GRUPO E DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS.



En Asados a ~~25~~ de setembro do 2023

Asdo.:

Mª del Carmen Fernández Vidal

(Coordinadora de benestar e convivencia)

9.- BIBLIOGRAFÍA PARA TRABALLAR AS EMOCIONS

COLECCIÓN “ECOLOGIA
EMOCIONAL”
(3 VOLÚMENES)

Conangle, Maria
Mercè.Soler,
Jaume.Valdivia, Palom

PARRAMÓN



EMOCIONARIO

Cristina Núñez Pereira y
Rafael R. Valcárcel

PALABRAS ALADAS



EL EMOCIONÓMETRO
DEL INSPECTOR DRILO

Susanna Isern

NUBEOCHO EDICIONES



EL GRAN LIBRO DE LAS
EMOCIONES

Esteve Pujol i Pons,
Rafael Bisquerra

PARRAMÓN





LA OLA

Suzy Lee

BARABARA FIORE



EL SECRETO DEL AMOR

Sarah E. Burg

MALSINET



VACÍO

Anna Llenas Serra

BÁRBARA FIORE



EL ARTE DE
EMOCIONARTE

Cristina Nuñez
Rafael Romero

NUBE DE TINTA



EMOCIONADOS

Cristina Núñez Pereira y
Rafael R. Valcárcel

PALABRAS ALADAS





INVISIBLE

Eloy Moreno


NUBE DE TINTA



LOS ABRACADABRANTES DE BOJIGANGA Y LAS EMOCIONES DESBORDADAS

M^a José Lamas , María Seo


DESCLEE DE BROUWER



TRANQUILOS Y ATENTOS COMO UNA RANA: TU GUÍA PRÁCTICA DE SERENIDAD

Eline Snel

KAIROS



EL MONSTRUO DE COLORES

Anna Llenas

FLAMBOYANT



COLECCIÓN COMPLETA ¿QUE SIENTES? (28 TITULOS)

Violeta Monreal

GAVIOTA





EL LIBRO NEGRO DE LOS COLORES

Menena Cotín

LIBROS DEL ZORRO ROJO



DE MAYOR QUIERO SER FELIZ (1)

Anna Morato García

BEASCOA



DE MAYOR QUIERO SER FELIZ (2)

Anna Morato García

BEASCOA



DESCUBRO MIS EMOCIONES. VV.AA

COMPLEMENTO Á PELI INSIDE OUT

CLIPER PLUS





¿QUÉ NECESITO CUANDO ME ENFADO?

**Tania García,
Nuria Aparicio**

BEASCOA



TENGO UN VOLCÁN
Miriam Tirado Torras
Joan Turu Sánchez

CARAMBUCO



LA COLA DE DRAGÓN

Mireia Canals Botines

S.A. MIGUEL A. SALVATELLA



CARITAS DIVERTIDAS

Nicola Sme

ALTEA



EL LIBRO VALIENTE

Moni Port

TAKATUKA





CUENTOS PARA EDUCAR NIÑAS/OS FELICES

Begoña Ibarrola

SM




XOGO DE CARTAS IDEADO PARA TRABALLAR A INTELIXENCIA EMOCIONAL DE LAS NIÑAS /OS



<https://www.unamamanovata.com/2018/11/14/emotio-juego-de-cartas-y-emociones/>

XOGO DE CARTAS EMOTIO: O XOGO PARA AXUDAR A LAS NIÑOS/AS A XESTIONAR AS SÚAS EMOCIÓNS E RECUPERAR A CALMA



Proyecto PAC: Programa CA/AC (“Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar”) para enseñar a aprender en equipo .

Universidad de Vic. Laboratorio de Psicopedagogía.
P. Pujolàs y J.R. Lago (Coordinadores)
DINÁMICAS DE COHESIÓN DE GRUPOS



PLAN DIXITAL

Relación de obxectivos do Plan Dixital 2023/2024.

CEIP Ana María Diéguez

1 . Introducción.

No presente documento especificanse os obxectivos que se buscan acadar a través do Plan Dixital no CEIP Ana María Diéguez durante o curso 23/24. Cabe recordar que a implantación deste Plan ven levándose a cabo desde o curso 21/22 ,curso no que se procedería á elaboración do mesmo, sendo o seu primeiro curso de implementación o 22/23. Ao longo deste curso espéranse acadar os obxectivos iniciais concretados neste plan, ademáis doutros obxectivos que se van incorporando a medida que se vai desenvolvendo o proxecto.

É preciso indicar que o obxectivo principal deste Plan é promover a dixitalización dos centros educativos avanzando de cara un futuro no que as tecnoloxías da información e comunicación acaparen gran parte dos procesos de ensino aprendizaxe.

Para elaborar este documento empreganse as táboas xa integradas no Plan Dixital do CEIP Ana María Diéguez realizado no curso 21/22.

Nestas táboas do Plan de Acción se recollen entre outros aspectos:

- Obxectivos: Especificase si se acadou ou non.
- Responsables.
- Indicadores do obxectivo.
- Descricións das accións a desenvolver: nestas acción descríbese o estado no que se atopan marcando cunha “X” se está realizada, aprazada ou pendente. Aquelas que se atopen en estado aprazado ou pendente seguirán desenvolvéndose de cara ao seguinte curso coa finalidade de lograr completar os obxectivos establecidos inicialmente.

Táboa de obxectivos do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Prácticas de ensinanza e aprendizaxe (Competencias dixitais do alumnado -H)							
1. OBXECTIVO (A)	Fomentar a participación do alumnado nun proxecto interdisciplinar que favoreza a creación de contidos dixitais e o traballo en grupo.					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro, Coordinador PFPP e Coordinador do Plan Dixital.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Participación dos cursos de 3º a 6º.						
Valor de partida	0 cursos participantes de 3º a 6º.						
Valor previsto e data	Todos os cursos de 3º a 6º participan.				21/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Acordar participación no PFPP.	Director do centro.	30/09/2022.	Equipos e aplicacións informáticas.	A comezo de curso se solicitou a participación no PFPP. "Creación de contidos dixitais nun marco interdisciplinar"		Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Crear un grupo asociado ao plan, para coordinación do profesorado participante.	Coordinador PFPP	30/11/ 2022	Equipos informáticos			Realizada	X
						Aprazada	
						Pendente	

AO1.3: Difundir as actividades do proxecto na aula virtual.	Profesorado grupo/ especialidade.	Actualización trimestral. 20/12/2023 20/03/2024 20/06/2024	Equipos informáticos e horas para o persoal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Usar de forma regular por parte do alumnado de 2º e 3º ciclo os medios dixitais para a búsqueda e selección de información.	Profesorado grupo/ especialidade	21/06/2024	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5:Obter produtos finais TICs por medio do uso de certas ferramentas webs.	Profesorado grupo/ especialidade	21/06/2024	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Prácticas de ensinanza e aprendizaxe (Pedagogía: Implementación na aula -F)							
1. OBXECTIVO (B)	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente da etapa de infantil e o 1º e 2º nivel de primaria.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP/ Coordinador TICs/ Coordinador Plan Dixital.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación de entre 3 a 6 recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP (Inf, 1º e 2º nivel de primaria).						
Valor de partida	0 recursos dixitais.						
Valor previsto e data	Realización de mínimo 1 recurso x trimestre.				21/06/2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
BO2.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais.	Dirección do centro	Outubro 2022	Equipos informáticos e persoal de formación preparado na impartición de contidos relacionados con este fin.	A comezo de curso se solicitou a participación no PFPP. "Creación de contidos dixitais nun marco interdisciplinar"	Realizada	X	
					Aprazada		
					Pendente		
BO2.2 Continuar coa Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e o 1º e 2º nivel para o uso na aula.	Profesorado	Por trimestre: 20/12/2023 20/03/2024 20/06/2024	Equipos informáticos, software necesario e horas persoal.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
BO2.3: Conseguir que todos os cursos da etapa de infantil e 1º ciclo publiquen na aula	Profesorado	Por trimestre: 20/12/2023 20/03/2024			Realizada		
					Aprazada		

virtual os recursos dixitais adaptados ao alumnado creados por parte do profesorado.		20/06/2024			Pendente	
--	--	------------	--	--	----------	--

“Área/s de mellora”: Infraestrutura (Infraestructuras e equipamento - C)

1. OBXECTIVO (C)	Dotar de Paneis interactivos naquelas aulas nas que se precise desta ferramenta.	Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro/ Coordinador TICs	Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Aulas con paneis interactivos operativos.		
Valor de partida	2 aulas con PDI		
Valor previsto e data	Todas as aulas con panel interactivo operativo.	22/06/2024	

ACCIÓN S A DESENVOLVER

DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
CO3.1: Determinar as aulas nas que se precisa este tipo de recurso dixital.	Coordinador TIC.	01/10/2022	Equipos e aplicacións informáticas		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
CO3.2 Solicitar os paneis interactivos.	Coordinador TIC. Secretaría centro.	15/10/2022	Equipos e aplicacións informáticas		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
CO3.3: Instalar os paneis interactivos en todas as aulas.	Coordinador TIC. Conserxe centro.	22/06/2024	Equipos	Instalados desde infantil ata 4º de primaria.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe (Pedagogía: Implementación na aula -F)

1. OBXECTIVO (D)	Coñecer e aplicar as posibilidades didácticas e pedagóxicas que ofrecen as ferramentas dixitais presentes nos paneis interactivos.			Acadado			
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP/ Coordinador TICs/ Coordinador Plan Dixital.			Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Implementacións na aula das aprendizaxes adquiridas a partir das cales se elaborará documentación orientativa do uso destas ferramentas.						
Valor de partida	Non existe documentación orientativa sobre as aplicacións e usos destas ferramentas.						
Valor previsto e data	Realización dunha guía de orientación básica para o uso e implementación dos usos didácticos que ofrecen os paneis interactivos na aula.			21/06/2024			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
DO4.1: Solicitar un PFPP cunha liña de tipo didáctico baseado nas Posibilidades pedagóxicas e didácticas da dotación STEM no noso centro .	Dirección do centro	outubro	Equipos informáticos e persoal de formación preparado na impartición de contidos relacionados con este fin.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
DO4.2: Empregar e implementar na aula as aprendizaxes que se adquiren durante o PFPP vendo as posibilidades e ferramentas presentes nos paneis interactivos.	Profesorado	Por trimestre: 1/12/2023 15/03/2024 15/05/2024	Equipos informáticos, software necesario e horas persoal.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
DO4.3: Elaborar un dossier informativo acerca dos usos e aplicacións pedagóxicas que ofrecen as ferramentas webs dos paneis.	Profesorado	Por trimestre: 1/12/2023 15/03/2024 15/05/2024	Recursos creados e Horas persoal.	Consecución parcial desta acción. Publicáronse recursos dixitais fundamentalmente no 1º e 2º curso de primaria. En infantil non.		Realizada	

